

AXENDA 21 LOCAL DE REDONDELA



FASE I - AUDITORÍA

DOCUMENTO DE DIAGNOSE



ÍNDICE



1.	INTRODUCCIÓN	4
1.1.	ANTECEDENTES	5
1.2.	O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DA AXENDA 21	7
1.3.	ÁMBITO DE ESTUDO	10
1.4.	PLANIFICACIÓN DA DIAGNOSE	11
2.	SOCIOECONOMÍA	12
2.1.	ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CONCELLO	13
2.2.	DEMOGRAFÍA	16
2.3.	ACTIVIDADE LABORAL	23
2.4.	NIVEL DE RENDA	26
2.5.	VIVENDA	27
2.6.	FORMACIÓN	29
2.7.	ACTIVIDADE EMPRESARIAL	32
2.8.	ASUNTOS SOCIAIS	34
2.9.	PORTOS E PESCA	35
2.10.	AGRICULTURA, GANDARÍA, E MINARÍA	37
2.11.	EXPLOTACIÓN FORESTAL E MONTE COMUNAL	39
2.12.	INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS	42
2.13.	SERVIZOS XERAIS	43
2.14.	SERVIZOS DE TRANSPORTE E VÍAS DE COMUNICACIÓN	44
2.15.	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	53
2.16.	INSTALACIÓNS CULTURAIS	55
2.17.	TURISMO, HOSPEDAXE E RESTAURACIÓN	57
2.18.	SERVIZOS SANITARIOS	58
2.19.	ASOCIACIONISMO	59
2.20.	PARTICIPACIÓN POLÍTICA	60
2.21.	ENERXÍA	61



3.	CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS	65
3.1.	INCIDENCIA AMBIENTAL DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS	66
3.2.	COMPORTAMENTO SOCIAL E EDUCACIÓN AMBIENTAL	69
3.3.	PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA E USOS DO SOLO	70
3.4.	RISCOS AMBIENTAIS E PLANOS DE EMERXENCIA	71
4.	PRINCIPAIS IMPACTOS NO MEDIO	72
4.1.	AUGAS	73
4.2.	RESIDUOS	75
4.3.	CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA	78
4.4.	RUÍDO	80
4.5.	CAMPOS ELECTROMAGNÉTICOS	81
5.	CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO CONCELLO	82
5.1.	CLIMATOLOXÍA	83
5.2.	XEOLOXÍA	86
5.3.	LITOLOXÍA	88
5.4.	OROGRAFÍA	89
5.5.	EDAFOLOXÍA	90
5.6.	A PAISAXE XEOMORFOLÓXICA	91
5.7.	A XEOMORFOLOXÍA DO LITORAL	92
5.8.	HIDROLOXÍA	94
5.9.	VEXETACIÓN	96
5.10.	FAUNA	99
5.11.	ESPAZOS NATURAIS	105
5.12.	PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL	109



1. INTRODUCCIÓN



1.1. ANTECEDENTES

A Axenda 21 é un plano de acción das Nacións Unidas para un desenvolvemento sustentábel no século XXI, aprobado por 173 gobernos na Conferencia sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento que tivo lugar en Río de Xaneiro en 1992.

A Axenda Local 21 é un proceso a implantar e desenvolver polas Entidades Locais que se basea na integración das políticas ambientais, económicas e sociais do concello a través da elaboración e aplicación dun Plano de Acción Local.

Sumarse a esta iniciativa supón, xa que logo, o compromiso municipal de estimular o desenvolvemento de medidas encamiñadas a facer compatíbeis a conservación do medio co desenvolvemento social e económico do propio concello. Supón ademais facelo dun xeito estruturado e planificado o que implica unha actuación transversal coa participación da totalidade das áreas da Administración Local.

A Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo que cada concello define baseándose na súa realidade e condicionantes.

A CARTA DE AALBORG

A carta das cidades europeas cara a sustentabilidade (Carta de Aalborg) foi asinada por 80 autoridades locais tras a clausura da conferencia europea sobre Cidades e Poboacións Sustentábeis que tivo lugar en Aalborg (Dinamarca) entre o 24 e 27 de maio de 1994.

Mediante a sinatura do compromiso de adhesión á Carta de Aalborg (acordo plenario do 15 de marzo de 2004) o concello de Redondela realiza unha declaración de intencións e de compromiso coa Axenda 21 Local e outros procesos de bosquejo para o desenvolvemento sustentábel e adhírese á Campaña Europea de Cidades e Pobos Sustentábeis.

Na conferencia de Aalborg estableceéronse as bases para fixar os principais requisitos da sustentabilidade para as cidades e pobos europeos. A Axenda 21 debe recoller estes requisitos e traducilos en planos e accións concretas.

Os principios fundamentais que deben inspirar a Axenda 21 son:

- Integración dos obxectivos de desenvolvemento sustentábel na administración local, as súas políticas e actividades de xestión.
- Sensibilización e educación en temas medio ambientais e en desenvolvemento sustentábel.
- Acceso público á información medioambiental.
- Participación e consultas públicas.
- Colaboración con empresas, OO.NN.GG., cidades irmáns, etc.
- Medición, seguimento e presentación de informes sobre os avances cara á sustentabilidade.



OBXECTIVOS DA AXENDA 21

A Axenda 21 ten coma finalidade os seguintes obxectivos:

- O uso eficiente dos recursos e a minimización da xeración de residuos, así como a redución da contaminación e a garantía de calidade no medio (auga, atmosfera e chan).
- Manter a diversidade ecolóxica.
- Minimizar o consumo de recursos non renovábeis e substituílos cando se poida por recursos renovábeis.
- Na medida do posíbel, os problemas que xorden a nivel local cómpre resolvelos no mesmo nivel.
- Garantir o acceso a un traballo digno e unha economía diversificada e non agresiva co medio ambiente.
- Promover a igualdade e a xustiza social e que todos teñan acceso á cultura, ao lecer e á recreación.
- Traballar por un medio ambiente limpo, seguro e agradábel e por mellorar a contorna no medio urbano.
- Fomentar a sensibilización, educación e participación dos axentes sociais en temas de medio ambiente e desenvolvemento sustentábel.



1.2. O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DA AXENDA 21

A pesares de que a elaboración da Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo, as diferenzas entre as fases que se establecen no proceso para cada Axenda son máis ben cativas. As semellanzas son aínda maiores entre as axendas iniciadas en Galicia onde se adoita seguir a xa clásica estrutura de catro fases; a mesma que se desenvolveu para realizar a de Redondela:

AUDITORÍA

Constitúe a primeira fase do proceso de implantación da Axenda 21 e consiste na descrición da situación económica, social e ambiental do concello. Conta coa participación cidadá, xa que se utilizan diversas metodoloxías sociolóxicas para valorar a percepción que os cidadáns, tanto a título individual como asociados en colectivos representativos, teñen da situación do seu concello.

A auditoría consta de:

- Unha prediagnose que consiste na realización de enquisas, reunións, entrevistas, etc. á poboación coa fin de coñecer a percepción da sociedade redondelá sobre a situación ambiental, social e económica do seu concello ao tempo que se lle motiva na participación.
- Unha diagnose que consiste nun traballo de recompilación e análise de información obxectiva e datos oficiais.
- Un resumo consistente en sintetizar a información recollida para poder sacar conclusións sobre o estado real do concello (puntos fortes e febles, oportunidades, ameazas, problemas urxentes, etc.).

Deste xeito contarase con información para propor na seguinte fase os obxectivos que se deberán cumprir para conquistar un Desenvolvemento Sustentábel, así como para coñecer a gravidade dos problemas, o que axudará tamén nas fases posteriores á priorización da consecución de obxectivos.

PLANO DE PARTICIPACIÓN

A participación cidadá é un elemento fundamental para o desenvolvemento da Axenda 21. A implicación dos diferentes sectores fornecerá a información e perspectivas precisas para garantir ao máximo potenciais actuacións no marco da Axenda 21 e axudará á concienciación progresiva dos diferentes axentes socioeconómicos, estruturais e medioambientais, na medida en que se configuran como partícipes do obxectivo común.

O valor da participación cidadá na Axenda 21 reflíctese nos seguintes aspectos:

- Incorporación da opinión do cidadán na elaboración da diagnose municipal.
- Implicación do público na definición do futuro do concello.
- Motivación para a execución das propostas de actuación concretas e o posterior seguimento e control dos resultados obtidos.



Algúns dos instrumentos de participación son:

- Entrevistas aos axentes principais do concello.
- Enquisas de percepción cidadá.
- Reunións sectoriais.
- Actividades de fomento da participación en lugares públicos.

Asemade funciona un plano de comunicación alicerzado:

- Na construción da páxina de internet: www.redondela21.com que pretende ser fonte de información e receptora de suxestións.
- No reparto de 4.000 trípticos onde se informa sobre o proceso de elaboración da Axenda 21. Estes trípticos constan ademais dunha pequena enquisa que deben encher os redondeláns e depositar nalgunha das 22 caixas do correo distribuídas polo concello.
- Na celebración dun acto público de presentación da Axenda 21 onde se convidou por carta a 180 asociacións, incluíndo ANPAS, sindicatos, clubs deportivos, partidos políticos, etc.
- Na utilización dos medios de comunicación para informar sobre o desenvolvemento da Axenda 21 (Faro de Vigo, Radio Redondela, etc.).
- Na realización de actividades de información e animación á participación en dous centros de ensino secundario de Redondela e de Chapela e en lugares de grande trasfego de xente.

PLANO DE ACCIÓN

O Plano de Acción Local establécese a partires das conclusións e recomendacións presentadas nos documentos anteriores (prediagnose e diagnose).

É unha ferramenta que nos permite executar, dunha maneira coherente e sustentábel, as actuacións dirixidas á mellora do medio ambiente.

O Plano de Acción Local componse dos seguintes elementos:

- As Liñas Estratéxicas que son os grandes eixos previsíbeis para a mellora local e a progresión cara a un modelo de desenvolvemento sustentábel. Deben reflectir a política social, económica e medioambiental que rexe a entidade local.
- Un Programa de Actuación que resposta a cada un dos diversos obxectivos que pretende acadar cada liña estratéxica, ademais agrupa distintas accións cun denominador común.
- Os Proxectos que son aqueles traballos e actuacións concretas que se poden realizar para resolver as carencias e incidencias visualizadas durante a elaboración da auditoría.

Unha vez que estean consensuadas e priorizadas as liñas estratéxicas que rexerán o Plano de Acción é preciso crear grupos de traballo arredor de cada unha destas liñas. Estes órganos, en principio, van ser as Comisións Temáticas aínda que en función do grao de participación poderase crear un Consello da Axenda 21 no que estean representados todos os colectivos do concello.

Executado o Plano de Acción Local, o concello de Redondela elaborará un documento no que se recollan os resultados obtidos e as actuacións máis relevantes. A súa finalidade principal é



informar á poboación en xeral e a outras administracións. A este documento denomínaselle: Declaración Ambiental.



PLANO DE SEGUIMIENTO

O Plano de Seguimento permite avaliar, controlar e informar da evolución da calidade dos factores ambientais, sociais e económicos e das actuacións que se están a levar a cabo para mellorar o concello. Para isto elaboraranse unha serie de Indicadores e crearase un órgano encargado do seguimento do Plano de Acción (que poderá ser o mencionado Consello da Axenda 21 ou cada unha das Comisións Temáticas).

Ademais, o feito de que a Axenda 21 sexa un proxecto permanente permitirá utilizar os resultados obtidos na avaliación do Plano de Acción Local (grao de execución dos proxectos e de cumprimento dos obxectivos) como base para a elaboración de novos programas de actuación e proxectos sempre contando coa participación cidadá como elemento fundamental do proceso.

1.3. ÁMBITO DE ESTUDO

O concello de Redondela atópase no fondo da ría de Vigo que lle serve como límite natural polo oeste. No interior estrema cos concellos de Vigo e Mos polo sur, Pazos de Borbén polo leste e Soutomaior polo norte. Ten unha superficie de 52,2 Km² e unha poboación de 29.694 habitantes espallados en 13 parroquias (O Viso, Ventosela, Reboreda, Quintela, Saxamonde, Vilar de Infesta, Cabeiro, Negros, Cesantes, Redondela, Cedeira, Trasmañó e Chapela) e 45 lugares. A densidade de poboación é de 556 hab/Km², algo máis de seis veces á densidade media de Galicia. Administrativamente pertence á provincia de Pontevedra e, xunto con nove concellos máis, á comarca de Vigo.

Trátase dun concello con certa implantación industrial, ben comunicado e moi vencellado á cidade de Vigo. Tamén teñen moita importancia as actividades pesqueiras e o crecente sector terciario.

Dende o punto de vista ambiental é destacábel a enseada de San Simón declarada como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e proposta para formar parte da futura Rede Natura 2000.



Imaxe 1. Enseada de San Simón



1.4. PLANIFICACIÓN DA DIAGNOSE

O proxecto de elaboración da Axenda 21 comeza en agosto de 2004. A imposibilidade de avanzar na prediagnose obrigou a adiar até setembro o seu inicio. A diagnose escomezouse en agosto cunha recompilación de información a través fundamentalmente de internet: páxinas de administracións (Concello, Xunta, IGE, INE, etc.), de particulares sobor do concello, de empresas radicadas no concello, de asociacións e de anuarios estatísticos de entidades. Outra fonte de información importante foron as distintas publicacións realizadas polas concellarías e os estudos feitos sobre o concello. Neste senso, foi moi interesante e útil a información recollida do *Inventario e catálogo do patrimonio natural e cultural do concello de Redondela*, un traballo moi completo e actual que tiña como un dos seus obxectivos o de servir de apoio para a elaboración da Axenda 21.

Outros xeitos de pesquisa de información que se levaron a cabo nos meses de agosto e setembro foron as entrevistas (a concelleiros, persoal do concello, empresas xestoras e asociacións) as preguntas telefónicas (ás administracións e a outros organismos) e as solicitudes de información ás administracións e organismos autónomos (fundamentalmente requirimentos escritos pola vía do rexistro pero tamén pola vía do correo electrónico).

Neste período foron moitas as visitas a diferentes recunchos do concello co fin de comprobar a veracidade da información obtida e de poder achegar nova información.



2. SOCIOECONOMÍA



2.1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CONCELLO

O pleno do concello de Redondela constitúeno 21 concelleiros que tralas eleccións municipais de maio do 2003, distribúense en cinco partidos políticos do seguinte xeito:

- | | |
|-----------------------|---|
| • PSdeG-PSOE | 8 |
| • PP | 7 |
| • BNG | 3 |
| • REDONDELÁNS ADIANTE | 2 |
| • EU-IU | 1 |

Acordos posteriores entre o PSdeG-PSOE, BNG e EU-IU deron lugar á formación dun goberno municipal con maioría absoluta, polo que son 12 concelleiros os que se distribúen as áreas de xestión municipal:

- Alcaldía.
- Urbanismo, economía, facenda e patrimonio.
- Vías e obras, alumeado, policía local e tráfico.
- Cultura, protección civil e presidencia do padroado do conservatorio.
- Muller e servizos sociais.
- Xuventude.
- Benestar social, escola obradoiro, drogodependencias, novas tecnoloxías e oficina municipal do consumidor.
- Deportes.
- Medio ambiente, limpeza viaria e de praias, saneamento, subministro de auga, fontes, parques, xardíns, montes, ribeiras fluviais e marítima, cemiterios, tratamento de lixo, axenda 21 e presidencia do consello de administración de Radio Redondela
- Participación cidadá.
- Ensino e política lingüística.
- Feiras e mercados, turismo, transportes e emprego.

O funcionamento do concello réxese pola Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local e as súas posteriores modificacións.

A MANCOMUNIDADE

O concello de Redondela forma parte xunto con outros once (Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo) da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV). Neste espazo de 675,9 Km² moran máis de 400.000 habitantes polo que nos últimos anos véñense dando alancadas cara á súa constitución coma área metropolitana. Na actualidade, e a pesares de exceder dos límites comarcais, a MAIV realiza as funcións equivalentes ás de calquera fundación comarcal de Galicia.



A elaboración do Plano Estratéxico de Vigo e a súa Área de Influencia (1993-1994) por parte da Fundación Provigo serve como base para o traballo da MAIV que é membro do padroado da fundación.

Actualmente no concello de Redondela estanse a desenvolver tres programas europeos canalizados a través da MAIV:

- Programa de Desenvolvemento de Diversificación Económica (Proder II).
- Iniciativa EQUAL.
- Proxecto Empregocities. Cidades e Empresas para o Emprego.

O PRODER II é un programa que pretende fomentar iniciativas xeradoras de emprego e riqueza. Entre os seus obxectivos están:

- Pular polo desenvolvemento e potenciación dos recursos.
- Atraer recursos externos facilitando a implantación de novas actividades económicas.
- Diversificar a economía da zona.
- Afianzar a poboación dos concellos.
- Incrementar as expectativas de emprego.
- Elevar as rendas e, en xeral, asegurar a calidade de vida dos habitantes da zona.

A iniciativa EQUAL está financiada polo Fondo Social Europeo (FSE) e pretende experimentar novas formas de loita contra a discriminación e a desigualdade tanto polos que dispoñen dun emprego como por aqueles que andan na súa procura. Baséase nos principios de cooperación transnacional, innovación, capacitación, plantexamento temático e de asociación, difusión e integración en políticas e prácticas. Esta iniciativa materialízase no proxecto COMPÁS que persegue o desenvolvemento de ferramentas e recursos concretos que melloren a ocupabilidade de 700 persoas da área metropolitana de Vigo.

EMPREGOCITIES está destinado a xerar actuacións innovadoras no campo do emprego e que xeren experiencias positivas que poidan servir á propia Comisión Europea para mellorar a realización das operacións financiadas polo FSE. En concreto e co obxectivo principal de crear estratexias locais de emprego:

- Desenvolve unha plataforma telemática que contribúe a mellorar a accesibilidade dos usuarios (desempregados, ocupados, emprendedores e empresas) ás ferramentas de fomento do emprego deseñadas pola Xunta de Galicia e o Estado español.
- Crea dúas marcas de calidade a favor do emprego, unha para as cidades-territorio e outra para as empresas, que terán como resultado un sistema territorial de xestión do emprego.

Alén disto, a MAIV axe unha UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO (UPD) que é un módulo de intervención que ten coma finalidade actuar sobre as potencialidades de desenvolvemento fomentando a creación do emprego, sempre baixo as directrices, orientacións e prioridades fixadas pola Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

2.2. DEMOGRAFÍA

As características demográficas de Redondela veñen determinadas pola súa veciñanza coa cidade de Vigo. Tal é así que non existe ningún outro concello na comarca que presente ao longo do tempo unha evolución tan semellante á da cidade.

A variación da poboación ao longo do século XX foi sempre positiva. No entanto, pódense diferenciar cinco períodos:

1. 1900-1940. Neste período existe un importante e continuo crecemento demográfico por mor das altas taxas de natalidade.
2. 1940-1960. O incremento da taxa de mortalidade ao longo da Guerra Civil e da Posguerra e o aumento da emigración frean o crecemento poboacional.
3. 1960-1981. O desenvolvemento industrial acompañado de altas taxas de natalidade e baixas de mortalidade provocan o meirande incremento poboacional do século.
4. 1981-1991. A crise industrial de finais dos setenta unida a un forte descenso das taxas de natalidade estabilizan a poboación.
5. 1991-2004. A inmersión de parroquias do Concello de Redondela (principalmente Chapela) na configuración urbana de Vigo e o forte incremento da inmigración estranxeira nos últimos anos, son os principais responsábeis do novo pulo demográfico.




Gráfico 1. Evolución da poboación. 1900-2001

Fonte: IGE

Nos datos do último censo de poboación do ano 2001 Redondela ocupaba a décima posición entre os concellos galegos por detrás das sete cidades, de Vilagarcía de Arousa e de Narón. Porén o número de habitantes era lixeiramente superior ao dos concellos de Oleiros e de Carballo.



Evolución da poboación (censos)				
Ano	Redondela		Galicia	
	Poboación	Densidade (hab./Km ²)	Poboación	Densidade (hab./Km ²)
1900	10.843	207,9	2.073.638	70,1
1910	11.985	229,8	2.231.753	75,5
1920	13.644	261,6	2.342.545	79,2
1930	14.996	287,6	2.466.599	83,4
1940	16.927	324,6	2.638.557	89,2
1950	17.024	326,4	2.701.803	91,4
1960	17.206	329,9	2.730.996	92,3
1970	22.767	436,6	2.676.403	90,5
1981	27.529	527,9	2.811.912	95,1
1991	28.014	537,2	2.731.669	92,4
2001	29.003	556,1	2.695.880	91,2
2003 (padrón)	29.415	564,0		
2004 (padrón)	29.694	569,4		

Táboa 1. Evolución da poboación en Redondela e Galicia. 1900-2003

Fonte: IGE.

A densidade de poboación no ano 2001 era de 556 habitantes, o que multiplica por máis de seis a densidade media de Galicia. Redondela, xa que logo, amosa as características típicas dos concellos litorais das Rías Baixas.




Gráfico 2. Evolución comparada da densidade de poboación (1970-2001)

Fonte: IGE

Ecoplanin



As diferenzas de poboación entre os concellos costeiros e os do interior galego non fai máis que se incrementar nos últimos anos. A comarca de Vigo é o meirande expoñente do anterior xa que ademais de ser a máis poboada presentou uns fortes crecements demográficos até finais dos anos setenta. Dende aquela o medre foi lixeiro. Pola contra, a forte perda de poboación galega dos anos oitenta só se viu levemente freada polo aumento da inmigración de finais dos noventa.

Evolución da poboación (hab./Km ²)					Variación en % 1991-2001
	1970	1981	1991	2001	
Redondela	22.767	27.529	28.014	29.003	3,4
Comarca de Vigo	283.666	362.106	384.238	395.351	2,8
Galicia	2.676.403	2.811.912	2.731.669	2.695.880	-1,3
Evolución da densidade de poboación (hab./Km ²)					
	1970	1981	1991	2001	Variación 1991-2001
Redondela	436,6	527,9	537,2	556,1	18,9
Comarca de Vigo	462,4	590,3	626,4	644,5	18,1
Galicia	90,6	95,1	92,4	91,2	-1,2

Táboa 2. Evolución comparada da poboación. 1970-2001

Fonte: IGE

Nos 52,2 Km² que forman o concello de Redondela distribúense 13 parroquias. Dúas delas son urbanas e concentran a metade da poboación do concello (Chapela e Redondela). Unha terceira (Cesantes) presenta características semiurbanas e as dez restantes son fundamentalmente rurais aínda que se atopen densamente poboadas.

Esta peculiar distribución demográfica orixina unha polaridade cara aos dous centros principais que, no entanto, son funcionalmente moi distintos.

A parroquia de Chapela, máis poboada e espallada, estrutúrase coma un barrio periférico da cidade de Vigo namentres que a de Redondela, con máis densidade de poboación, abeira a capitalidade municipal e os principais servizos do concello.



Parroquia	Nº de habitantes (23-08-02)	Superficie (Km ²)	Densidade (hab./Km ²)
Cabeiro	725	2,20	330
Cedeira	2.144	5,41	396
Cesantes	3.431	3,86	889
Chapela	7.679	4,22	1.819
Negros	525	2,84	185
Quintela	703	2,54	277
Reboreda	2.247	8,05	279
Redondela	6.881	1,73	3.969
Saxamonde	797	3,22	247
Trasmañó	1.023	4,59	223
Ventoseira	725	4,00	181
Vilar de Infesta	1.239	4,18	296
O Viso	1.459	5,29	276
Total	29.578	52,15	567

Táboa 3. Densidade de poboación municipal por parroquias. 2002

Fonte: Concello de Redondela

A pirámide de idades amosa unha típica estrutura piramidal estreitada pola base, é dicir, evolucionando cara ao modelo de fuma. Non existen amoségas significativas en ningún dos dous sexos, sendo o máis destacado a baixa porcentaxe de menores de vinte anos con respecto ao total da poboación. Esta tendencia seica continuou até finais do século XX, comezando no XXI unha lixeira recuperación.

% Homes	Homes	Rango de idades	Mulleres	% Mulleres
4,45	1.292	0 a 9	1.178	4,06
5,57	1.615	10 a 19	1.552	5,35
9,43	2.734	20 a 29	2.545	8,77
7,85	2.275	30 a 39	2.229	7,69
6,85	1.987	40 a 49	2.148	7,41
6,29	1.823	50 a 59	1.880	6,48
4,35	1.262	60 a 69	1.476	5,09
2,81	815	70 a 79	1.166	4,02
0,84	244	80 a 89	588	2,03
0,08	23	90 e máis	91	0,31
48,79	14.150	Total	14.853	51,21

Táboa 4. Estrutura da poboación. 2001

Fonte: IGE

Ecoplanin

Redondela amosa unha estrutura de idades case idéntica á da cidade de Vigo que se caracteriza por unha grande porcentaxe de poboación adulta (sobre todo no rango de idades comprendido entre os 20 e 50 anos) e unha poboación infantil e anciá algo inferior á media dos concellos das Rías Baixas.




Gráfico 3. Distribución por idades. 2001

Fonte: IGE

Nas tres seguintes táboas compáranse os índices demográficos de Redondela cos da comarca de Vigo e o conxunto de Galicia. Todos os índices amosan unha sociedade galega moi envellecida e sen que se poidan albiscar cambios de cara ao futuro. A esta situación non é allea Redondela e, en xeral, a comarca de Vigo aínda que a súa mellor estrutura por idades permítelle posuír un crecemento vexetativo positivo.

	Idade Media			Índice de Envellecemento	Taxa Bruta de natalidade	Taxa bruta de mortalidade			Crecemento Vexetativo
	H	M	T			H	M	T	
Redondela	38,3	41,6	40,0	81,3	8,7	8,1	7,0	7,6	1,1
Comarca de Vigo	38,3	41,6	40,0	80,4	8,8	8,5	7,5	8,0	0,8
Galicia	41,4	44,7	43,1	121,9	7,1	11,0	9,8	10,3	-3,2



Táboa 5. Taxas demográficas comparadas. 2001
Fonte: IGE

Pódese afirmar que a forte inmigración que dende os anos sesenta se dirixe dende o interior galego até os concellos costeiros e industriais xunto coa chegada nos últimos anos de poboación estranxeira nova, permiten que Redondela manteña un mínimo crecemento vexetativo positivo xa que á vista do índice de fecundidade (a metade do requirido para se producir a renovación xeracional) os resultados agardados serían outros. Parte da responsabilidade dos mesmos débese ao retraso da maternidade (por volta dos 30 anos) que aínda que é común á maioría dos países desenvolvidos, acentúase no caso galego.

	Índice de Fecundidade	Idade media ao primeiro matrimonio		Idade media á maternidade	Taxa Bruta de Nupcialidade		
		H	M		H	M	T
Redondela	1,00	29,7	27,9	29,7	9,8	9,3	4,8
Comarca de Vigo	1,05	30,7	28,9	31,1	9,7	8,9	4,6
Galicia	0,90	30,2	28,1	30,7	8,6	7,9	4,1

Táboa 6. Taxas demográficas comparadas. 2001
Fonte: IGE

Coma consecuencia do anterior obtéñense uns índices que amosan o claro envellecemento da poboación galega, e en menor grao, de Redondela e da Comarca de Vigo. Porén, e agás o índice de infancia, os valores obtidos para o concello son bastante favorábeis especialmente no tocante aos índices de envellecemento e dependencia.

	Índice de infancia	Índice de xuventude	Índice de vellez	Índice de senectude	Índice de envellecemento	Índice de dependencia
Redondela	12,8	24,3	15,4	9,2	120,5	39,3
Comarca de Vigo	12,9	23,4	17,6	11,4	136,0	44,0
Galicia	11,6	21,5	21,2	11,9	182,8	48,7

Táboa 7. Índices demográficos comparados en %. 2002
Fonte: Anuario Social de La Caixa. 2004

No que respecta aos movementos de poboación tanto en Redondela coma na comarca de Vigo e en Galicia apréciase un comportamento semellante: unha balanço negativo co resto do Estado e outro positivo -composto por emigrantes retornados e, cada vez en maior grao, por inmigrantes estranxeiros- que compensa ao anterior. Deste xeito o saldo migratorio é claramente positivo tanto



para a comarca de Vigo como para Galicia. No caso de Redondela a importante emigración cara a outros lugares do España ou de Galicia fai que o saldo sexa variábel.

Cómpre suliñar que a forte inmigración que comezou a finais dos anos noventa está a conquistar modificar a tendencia demográfica galega dos últimos vinte e cinco anos. Aínda que a porcentaxe de estranxeiros está moi por baixo da media española, nas áreas máis desenvolvidas de Galicia (como a comarca de Vigo) pode chegar a acadar nos vindeiros anos unha grande importancia.

EVOLUCIÓN DO SALDO MIGRATORIO (1990-2002)										
Ano	Redondela				Comarca de Vigo			Galicia		
	Galego	Co resto do Estado	Co estranxeiro	Total	Estatál	Co estranxeiro	Total	Estatál	Co estranxeiro	Total
1990	x	x	x	-8	x	x	1.214	-1.208	4.417	3.209
1991	x	x	x	36	x	x	608	-166	3.448	3.282
1992	x	x	x	-6	x	x	857	607	6.047	6.654
1993	x	x	x	135	x	x	439	1.110	5.054	6.164
1994	x	x	x	129	x	x	157	752	4.254	5.006
1995	x	x	x	75	x	x	116	-399	4.341	3.942
1996	x	x	x	-5	x	x	97	-1.676	3.201	1.525
1997	x	x	x	3	x	x	193	-2.138	5.905	3.767
1998	58	-29	48	77	-577	952	373	-3.574	6.847	3.273
1999	27	-72	84	39	-975	1.284	309	-5.138	8.505	3.367
2000	-1	-56	88	31	-1.049	2.143	1.084	-5.653	12.546	6.893
2001	-2	-85	38	-49	-1.008	2.567	1.559	-4.229	11.395	7.166
2002	-33	6	2	-25	-1.328	3.400	2.072	-3.652	13.993	10.341

Táboa 8. Evolución do saldo migratorio. 1990-2002

Fonte: IGE

2.3. ACTIVIDADE LABORAL

A taxa de actividade de Redondela no ano 2001 foi do 57,5 %, algo superior á media galega. A taxa de paro acadou o 13,7 %.

	Total	Homes	Mulleres
Taxa de actividade	57,5	69,5	46,4
Taxa de paro*	13,7	9,6	19,4
Ocupados por sectores			
Agricultura	120	62	58
Pesca	688	453	235
Industria	3.898	2.494	1.404
Construción	1.460	1.376	84
Servizos	6.091	3.091	3.000

*: Número de parados/poboación activa

Táboa 9. Taxas de actividade e paro en % e ocupados por sectores. 2001

Fonte: INE

Por sectores, a metade da poboación está ocupada no sector servizos e case o 43% no sector secundario (industria e construción). O relativo peso do sector primario débese fundamentalmente á importancia das actividades pesqueiras e marisqueiras.




Gráfico 4. Distribución sectorial da poboación activa en %. 2001

Fonte: IGE

Analizando a evolución comparada da taxa de paro, apréciase que a taxa redondelá é menor cás medias provincial e galega e que despois de se reducir a finais dos anos noventa, voltou aumentar nos últimos dous anos.


		1999	2000	2001	2002	2003
Redondela	Total	1.470	1.395	1.367	1.414	1.476
	Por cada 100 hab.	5,1	5,0	4,8	4,9	5,0
Provincia de Pontevedra	Total	49.614	47.548	46.666	49.457	52.151
	Por cada 100 hab.	5,5	5,2	5,2	5,4	5,6
Galicia	Total	139.078	135.335	132.038	140.457	145.979
	Por cada 100 hab.	5,2	5,0	5,0	5,1	5,3

*: Número de parados/poboación total

Táboa 10. Evolución da taxa de paro en %. 1999-2003*


Fonte: IGE

O número de parados por sectores garda correspondencia co número de empregados que ocupa cada sector. Aínda así, albíscase menos dificultade para atopar emprego no sector primario e no da construción.



*Gráfico 5. Número de parados por sectores de actividade. 2001**Fonte: IGE*

Como se pode ver no gráfico seguinte, o paro afecta moito máis ás redondelás cós redondeláns (máis do duplo) aínda que no colectivo de menores de 25 anos as diferenzas son moito menores.

*Gráfico 6. Número de parados por idade e sexo. 2003**Fonte: IGE*

RECURSOS MUNICIPAIS PARA O EMPREGO

O concello de Redondela conta con dous técnicos locais de emprego e unha oficina colaboradora do Servizo Galego de Colocación. Participa do proxecto europeo COMPÁS tomando o relevo da MAIV e do proxecto europeo LeoNet (Observatorio Local de Emprego).



2.4. NIVEL DE RENDA

O índice de renda familiar dispoñíbel por habitante en Redondela para o ano 2003 sitúase nun intervalo de entre 6.400 e 7.300 €, sendo inferior á media provincial (nivel 4), á galega (nivel 5) e á de España (nivel 6).

	Nivel de renda familiar dispoñíbel
Redondela	3
Provincia de Pontevedra	4
Galicia	5
España	6

Niveis	Renda Familiar Dispoñíbel por Habitante(€)
1	Até 6.400
2	6.400 – 7.300
3	7.300 – 8.225
4	8.225 – 8.800
5	8.800 – 9.700
6	9.700 – 10.650
7	10.650 – 11.500
8	11.500 – 12.500
9	12.500 – 13.500
10	Máis de 13.500

* : Índice da renda familiar dispoñíbel por habitante para 2001. Definíronse dez niveis que se corresponden cos intervalos de renda que aparecen na táboa da dereita

Táboa 11. Nivel de Renda Familiar dispoñíbel comparado. 2003*

Fonte: Anuario Económico de La Caixa. 2003

2.5. VIVENDA

Unha das características que definen a situación da vivenda en Galicia con respecto á media dos países europeos é a alta porcentaxe de fogares con vivendas en propiedade e, pola contra, a baixa porcentaxe de fogares con vivenda en aluguer. Esta situación é extrema no concello de Redondela onde tan só o 7,5 % dos fogares están alugados.




Gráfico 7. Distribución comparada da propiedade da vivenda ocupada en %. 2003

Fonte: Anuario Social de La Caixa. 2004

Outra característica definitoria é a alta porcentaxe de vivendas baleiras que no caso de Redondela acada o 17 %.

	Número de vivendas	Vivendas principais	Vivendas secundarias	Vivendas baleiras
Redondela	11.561	76,2	6,7	17,0
Provincia de Pontevedra	396.639	72,6	11,2	15,6
Galicia	1.297.708	69,7	12,7	16,5

Táboa 12. Distribución comparada da vivenda en % 2003

Fonte: Anuario Social de La Caixa. 2004

O número de vivendas secundarias é de tan so o 6,7 % (algo máis da metade da media galega) e só o 1 % das familias do concello dispoñen dunha segunda vivenda (tamén a metade da media do país).




Gráfico 8. Distribución comparada da vivenda en %. 2003

Fonte: Anuario Social de La Caixa. 2004



Imaxe 2. Río Alvedosa e viaduto de Pontevedra



2.6. FORMACIÓN

Segundo os datos da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, en Redondela funcionan 21 centros públicos (ver táboa) e un privado. Entre os 21 existen 4 de Ensino Secundario (2 deles con ciclos formativos 1, amais, con ensino para adultos), 1 CPR (onde se imparte bacharelato e ciclos formativos de grao medio e grao superior ademais de programas de garantía social e educación infantil, primaria e secundaria), unha escola de música (ESMU) e un conservatorio superior de música (CMUS) con 22 instrumentos. Os 15 que restan son de educación primaria, infantil e/ou especial. O centro privado abrangue dende a educación infantil até o bacharelato e ciclos formativos.

Centro	Enderezo	Localidade	Titularidade
CEIP de Porto Cabeiro	Vilar	Cabeiro (San Xoán a.)	Pública
CEIP Outeiro das Penas	Cesantes (San Pedro p.)	Cesantes (San Pedro p.)	Pública
CEIP de Santo Paio de Abaixo	Anselle de Abaixo 23	Reboreda (Santa Maria p.)	Pública
CEP de Redondela	Rúa Mendiño 28	Redondela (Santiago p.)	Pública
IES Mendiño	Avenida Mendiño 48	Redondela (Santiago p.)	Pública
EEI A Marisma	Rúa A Marisma s/n	Redondela (Santiago p.)	Pública
CEIP da Igrexa-Chapela	Barrio da Igrexa s/n	Chapela (San Fausto p.)	Pública
CEIP Alexandre Bóveda	Angorén 6	Chapela (San Fausto p.)	Pública
CEIP de Cedeira	Cruceiro s/n	Cedeira (Santo André p.)	Pública
EEI de San Pedro de Cesantes	Cesantes (San Pedro p.)	Cesantes (San Pedro p.)	Pública
CEIP de San Vicente-Trasmañó	Trasmañó (San Vicente p.)	Trasmañó (San Vicente p.)	Pública
EEI de Ventosela	Ventosela (San Martiño p.)	Ventosela (San Martiño p.)	Pública
EEI de Ventosela	Ventosela (San Martiño p.)	Ventosela (San Martiño p.)	Pública
CEIP de Laredo	Chapela (San Fausto p.)	Chapela (San Fausto p.)	Pública
IES Pedro Floriani	Rúa Marisma de Santa Mariña s/n	Redondela (Santiago p.)	Pública
CPR Vigo	Rande - A Formiga s/n	Cedeira (Santo André p.)	Privada
CEIP Quintela	A Costeira 89	Quintela (San Mamede p.)	Pública
IES de Chapela	Avenida Redondela s/n	Chapela (San Fausto p.)	Pública
ESMU Municipal de Redondela	Rúa Reveriano Soutullo s/n	Redondela (Santiago p.)	Pública
IES Illa de San Simón	Avenida de Mendiño 28	Redondela (Santiago p.)	Pública
CMUS Profesional de Redondela	Rúa Reveriano Soutullo, s/n	Redondela (Santiago p.)	Pública
CPR Vigo	Rande - A Formiga s/n	Cedeira (Santo André p.)	Privada

Táboa 13. Centros de Ensino. 2004

Fonte: Consellaría de Educación Ordenación Universitaria.

En canto ao nivel de estudos, Redondela atópase por baixo da media especialmente nos grupos extremos. A porcentaxe de universitarios é moi inferior tanto á media provincial coma á media galega namentres que a porcentaxe de analfabetos, aínda que baixa, supera a media do país.

Case a metade da poboación ten estudos secundarios e unha terceira parte primarios. A porcentaxe de habitantes sen estudos (13,2 %) é claramente inferior á media galega (16,4 %).




Gráfico 9. Nivel de estudos en %. 2003

Fonte: Anuario Social de La Caixa. 2004

O nivel de coñecemento da lingua galega é algo superior á media do país ao respecto da comprensión e capacidade oral. Porén, na escrita (capacidade de ler e de escribir) os redondeláns atópanse algo máis de 10 puntos porcentuais por baixo da media.




Gráfico 10. Nivel de coñecemento da lingua galega. 2001

Fonte: IGE

O uso da lingua galega tamén se acha por baixo da media, pois son aproximadamente o 46 % da poboación os que declaran falala sempre, por volta do 57 % dos habitantes da comunidade autónoma. Tamén se aprecia un forte recue do uso entre os máis novos. Só o 15 % dos menores de 15 anos din falar sempre galego fronte ao 76 % dos maiores de 65 anos.




Gráfico 11. Uso da lingua galega. 2001

Fonte: IGE

2.7. ACTIVIDADE EMPRESARIAL

En Redondela existen algo máis de 1.600 empresas das que o 70 % son persoas físicas. Existe un importante número de sociedades de responsabilidade limitada (24 %) e tan só 7 cooperativas de traballadores.




Gráfico 12. Número de empresas segundo a súa condición xurídica. 2002

Fonte: IGE

Máis do 75 % destas empresas pertencen ao sector servizos repartíndose o resto entre a construción (14 %) e a industria (11 %).




Gráfico 13. Número de empresas por actividade. 2002

Fonte: IGE

O groso das empresas carecen de asalariados. Existen 533 microempresas con asalariados, 84 pemes e unha única grande empresa.




Gráfico 14. Número de empresas por estrato de asalariados. 2002

Fonte: IGE



Imaxe 3. Mámoa do Rei

Ecoplanin

2.8. ASUNTOS SOCIAIS

Un dos problemas das sociedades urbanas actuais é o abandono dos anciáns. Na sociedade galega este fenómeno é menos preocupante ca no resto do Estado xa que se trata da comunidade autónoma onde a porcentaxe de fogares nos que conviven varias xeracións é maior. Malia todo, un dos índices máis utilizados para valorar as condicións de vida da terceira idade é o número de prazas en residencias por cada milleiro de persoas maiores. Neste aspecto Redondela áchase nunha mala situación xa que adoece de residencias para anciáns e só conta cun centro social para maiores situado na capital do concello.

	Nº de residencias	Nº de prazas en residencias	Prazas en residencias/1.000 hab. ≥ 65 anos	Nº de centros de maiores
Redondela	0	0	0	1
Provincia de Pontevedra	24	2.062	12,7	18
Galicia	112	9.883	17	62

Táboa 14. Comparación do número de residencias e de centros de maiores. 2003

Fonte: Anuario Social de La Caixa. 2004




Gráfico 15. Comparación do número de residencias e de centros de maiores. 2003

Fonte: Anuario Social de La Caixa. 2004

Na parroquia de Trasmañó a Xunta de Galicia conta cun Centro de Minusválidos Psíquicos que funciona dende o ano 1994. Ten uns 120 internos e 40 prazas de media pensión.

2.9. PORTOS E PESCA

No Concello de Redondela áchanse dous portos: o pesqueiro de Cesantes competencia da Xunta a través da entidade Portos de Galicia e unha parte do porto de Vigo xestionado polo Ministerio de Fomento mediante o ente público Portos do Estado. As características do porto de Cesantes son as seguintes:

Ubicación: Na enseada de San Simón, fronte a illa homónima.

Características: Pequeno porto pesqueiro con calado de 2 metros.

Servizos: Varadoiro, combustíbel, auga e enerxía.

Comentarios: Zona turística con praia e vista da Illa de San Simón.



Imaxe 4. Porto de Cesantes

Táboa 15. Características do porto de Cesantes. 2004

Fonte: Portos de Galicia

PORTO DE CESANTES

O porto de Cesantes está xestionado pola Confraría de Pescadores “San Juan” que realiza todas as actuacións administrativas precisas para as actividades pesqueiras e marisqueiras dos seus socios. Na confraría centralízase a descarga de moluscos bivalvos procedentes do marisqueo a pé e a flote. As principais especies que se venden son: ameixa (babosa, rubia, fina e xapónica), berberecho, reló, carneiro, longueirón e choco. Este último descárgase e pésase na lonxa de Redondela onde tamén se comercializan peixes como o salmonete de lama ou a anguía.

Actualmente existen na confraría uns 600 socios dos cales:

- 267 son mariscadoras a pé.
- 129 son mariscadores a flote.
- 25 son embarcacións de cerco.
- 129 son embarcacións de baixura.

PORTO DE VIGO

O porto de Vigo esténdese dende a parroquia de Bouzas até a zona de Guixar, na parroquia de Teis. No entanto, conta con diversas áreas de servizo e instalacións diversas xestionadas pola Autoridade Portuaria de Vigo. No que atinxe ao concello de Redondela esténdense dende a Punta Cubillón até a Punta Castiñeira na enseada de San Simón. O porto de Vigo é o principal porto pesqueiro da Península e un importante porto comercial. Ademais conta con varios portos

deportivos e un destacado porto de transatlánticos. No concello de Redondela ocupa varios recheos onde están instaladas catro empresas do sector da conserva e un cargadoiro de granito.




Gráfico 16. Representación das instalacións da Autoridade Portuaria de Vigo. 2004
Fonte: Autoridade Portuaria de Vigo.

Nas augas situadas fronte ás comentadas áreas de servizo do porto de Vigo atópanse varios polígonos de bateas (nas parroquias de Meira, Domaio, Teis e nas redondelás de Chapela e Cedeira) adicadas ao cultivo do mexillón.



2.10. AGRICULTURA, GANDARÍA E MINARÍA

O sector agrario sofre, ao igual ca no resto de Galicia, un descenso continuado do emprego e do número de explotacións, como consecuencia dos procesos de modernización e abandono. Hogano, ocupa a unha porcentaxe moi baixa dos redondeláns (0,98 %). Nembargante, a tempo parcial - como complemento de ingresos doutras actividades laborais- ou en réxime de autoabastecemento, a agricultura e a gandería son dúas das principais actividades dos habitantes das parroquias rurais. O réxime de tenencia básico é a explotación directa xa que só existe un caso arrendamento e ningún de parcería.

En canto á comercialización, cómpre destacar a existencia da feira de Chapela os días 2 e 16 de cada mes e a de Redondela os días 6 e 21. Ambos os dous núcleos urbanos posúen cadansúa praza de abastos.

AGRICULTURA

O agro de Redondela caracterízase polo minifundismo e a rotación de cultivos de labor intensiva, pastos ou viñedos. Estas pequenas e parceladas explotacións son levadas, xeralmente, por mulleres de avanzada idade (superior aos 50 anos), namentres que o resto da familia traballa noutro sector.

Os fillos adoitan ver esta actividade como algo pouco chamativo, cunha relación traballo/ingresos moi baixa. Así mesmo, o traballo noutros sectores apórtalles maior liberdade e non soen seguir coa explotación familiar.

As parcelas da horta encóntranse moi mesturadas con outras de labor intensiva ou viñado. Son de reducido tamaño e figuran como mosaicos fundamentalmente con labor intensiva, viñedos e prados. Localízanse próximas aos núcleos de poboación.

A superficie aproveitábel como chan de uso agrícola cuantificouse no ano 1987 en 1.825 ha. (o 35 % do total da superficie do concello). Estas 1.825 ha. distribúense en labradíos (1.441 ha.), prados (29 ha.), viñedos (216 ha.) e froiteiras (139 ha.).

O cultivo principal é o millo, con rotación de Rai-grass italiano para uso forraxeiro. Tamén é moi común a rotación: millo ou pataca - centeo ou trigo – nabos.

Tamén é importante o viñado que conta con 1.600 explotacións cunha superficie de máis de 200 hectáreas cultivadas a pesares de non estar incluídas na denominación de orixe Rías Baixas. Este cultivo realízase en minifundios do xeito tradicional (emparrados con densidades de plantacións excesivas) e non se comercializa. As variedades máis utilizadas son o albariño, treixadura e caíño

Entre as froiteiras destaca o cultivo de maceiras -principalmente nas parroquias de Santo Estevo de Negros e O Viso- e de quivís.



Outros cultivos son os da horta: repolo, cebola, tomate, chícharo, feixón verde, leituga, coliflor, pemento, grelo, amorogo e flor. Algúns, coma as flores, cultívanse en invernadoiros nas parroquias de Cesantes, Reboreda e Saxamonde. A flor máis cultivada é o caravel.

GANDARÍA

O gando vacún non ten especial importancia no concello ao non ser Redondela unha zona de abondosos pastos. A explotación forma parte do tradicional policultivo agrícola-gandeiro-forestal, no que o animal é unha máis das producións que se obteñen na explotación. Hai un pequeno número de reses de gando do país, algún frisón e cruces entre estas e outras razas, producíndose só carne ou carne e leite. No ano 1989 existían 388 cabezas de vacún mingando até as 332 do ano 2003.

A táboa seguinte refírese ás explotacións bovinas. O número medio de reses por explotación é tan só 1,32 o que dá unha idea do pequeno tamaño das mesmas, na maioría dos casos situadas onda a propia vivenda.

Nº de explotacións	Vacas de muxidura	Vacas de non muxidura	Outros Bovinos	Total Bovinos	Reses por explotación
252	30	161	141	332	1,32

Táboa 16. Distribución do número explotacións bovinas. 2003

Fontes: IGE e Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

A explotación tradicional do gando porcino tamén está a descender. No ano 1989 había 402 porcinos namentres que no 1999 censáronse 130. Non existen explotacións industriais.

O gando ovino aínda que de pouca entidade, permanece sen grandes variacións nos últimos anos. No censo de 1989 existían 163 ovellas por volta das 153 do rexistradas no censo de 1999. As razas máis importantes son as churras, así como algunhas autóctonas. O gando caprino é testemuñal diminuíndo o número de cabezas dende as 16 de 1989 até as 6 de 1999.

Ao igual que acontece cos porcinos, as aves e os coellos son habituais nas explotacións. Atópanse en baixo número, só para autoconsumo familiar. No censo de 1989 contabilizáronse 207 aves e 16 coellas nais namentres que en 1999 o número baixara a 175 aves e 8 coellas nais.

O número de cabalos aumentou entre os anos 1989 e 1999 de 73 a 86 o que se pode deber á súa utilización para actividades de lecer xa que a mellora das comunicacións e a mecanización do campo relegáraos a un segundo plano.

MINARÍA

Segundo os datos do Servizo de Enerxía e Minas da Delegación Provincial de Pontevedra da Xunta de Galicia, hoxe non existe ningunha concesión mineira nin ningún permiso de investigación outorgado no termo municipal de Redondela.



2.11. EXPLOTACIÓN FORESTAL E MONTE COMUNAL

EXPLOTACIÓNS FORESTAIS

O chan con uso forestal no concello abrangue, segundo o Mapa Forestal Español do ano 2000, 2.562 ha. distribuídas en forestal arborado (2.475 ha.) e forestal desarborado (87 ha.). A superficie non forestal era de 2.636 hectáreas.

As especies forestais dominantes aparecen na seguinte táboa:

ESPECIE	SUPERFICIE (ha.)
Piñeiro bravo (<i>Pinus pinaster</i>)	1.427,2
Eucalipto (<i>Eucalyptus globulus</i>)	1.036,5
Piñeiro de Monterrei (<i>Pinus radiata</i>)	5,0
Carballo americano (<i>Quercus rubra</i>)	0,8
Mimosa (<i>Acacia sp.</i>)	6,2

Táboa 17 .Especies forestais dominantes en Redondela. 2000

Fonte: Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. Consellaría de Medio Ambiente

Outras especies secundarias mesturadas coas dominantes son o carballo (*Quercus robur*) e o castiñeiro (*Castanea sativa*).

OS MONTES COMUNAIS

Baseándose na información contida nas Memorias Descriptivas dos Montes Públicos do arquivo municipal e no libro “Montes Veciñais na provincia de Pontevedra, 1886” de F. J. Fernández de Ana Magán et al.; a finais do século XIX a superficie dos montes comunais das parroquias redondelás era a seguinte:

PARROQUIA	MONTE	SUPERFICIE (Ha.)
Cabeiro	Mirallo	142,53
Cedeira	Penide e Pedras Altas	261,77
Cesantes	Cabaleiro de Cesantes	9,04
	Da mina	4,45
Chapela	Casal	68,23
	Cidadelle	9,07
Negros	Castro	67,12
	Do Cocho	1,11
O Viso	Cabaleiro	5,03
	Castro da Peneda	10,31
	Espiño	73,71
	Outeiro Grande	66,64
	Puntal	8,20
Quintela	Novelle	3,89

Ecoplanin



	Sabugueiro	30,77
Reboreda	Burel	227,53
	Laxe de Laredo e Cotomil	34,85
	Novelle	4,46
Saxamonde	Formoso	44,18
	Mendo	70,14
Trasmañó	Mirallo de Trasmañó	140,46
Ventosea	Pico e Pedroso	158,00
Vilar de Infesta	Chan das Pipas	29,26
	Cotiño	14,63
	Fonte Corneda	16,37
	Sarrido	49,06

Táboa 18. Distribución do monte comunal en Redondela. 1886

Fonte: Inventario e catálogo do patrimonio natural e cultural do concello de Redondela

Na altura, e segundo os datos da Consellaría de medio ambiente, algunhas parroquias contan cunha meirande superficie de monte comunal ca daquela (como Trasmañó, Reboreda, Quintela e Ventosea), outras manteñen superficies semellantes (caso de Cabeiro, Cedeira, Cesantes, Chapela e Negros) e outras máis perderon superficie de monte comunal (como O Viso, Vilar de Infesta e Saxamonde).

PARROQUIA	MONTE	SUPERFICIE (Ha.)
Cabeiro	Castro Ferreiro	145
Cedeira	Penide	268
Cesantes	Cabaleiro de Cesantes	15
	Da mina	
Chapela	Coutada da Facha	67
Negros	Castro	66
O Viso	Cabaleiro	135
	Castro da Peneda	
	Espiño	
	Outeiro Grande	
	Puntal	
Quintela	Barca	91
	Río do San	
Reboreda	Buxel	204
Saxamonde	Formoso	74
	Coto de San Román	
Trasmañó	Mirallo	200
Ventosea	Meixueiro	318
	Cerquido	
	Miñoteira	
Vilar de Infesta	Chan das Pipas	56
	Cotiño	
	Santiagoño	
	Sarrido	

*Táboa 19. Distribución do monte comunal en Redondela. 2004**Fonte: Consellaría de Medio Ambiente*

Segundo a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, nos últimos anos realizáronse unha serie de Proxectos de Ordenación e Planos Técnicos de Xestión que se están a executar na actualidade nos seguintes montes do concello:

- Monte Veciñal en Man Común de Cedeira (268 ha.).
- Monte Veciñal en Man Común de Chapela (67 ha.).
- Monte Veciñal en Man Común de Ventosela (318 ha.).

Alén dos anteriores, o 23 de marzal do 2004 aprobouse a realización doutro Proxecto nos Montes Veciñais en Man Común de Reboreda e que afectará a 204 ha.

*Imaxe5. Monte Penide e val do Maceiras*



2.12. INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS

A pesares da forte implantación industrial, o concello de Redondela non conta con ningún polígono o que fai que as industrias e almacéns se distribúan con certa anarquía xunto ás principais vías de comunicación.

Aínda así, distínguense dúas áreas industriais principais:

- A pertencente ao porto de Vigo dende Punta Cubillón até Punta Castiñeira onde se atopan unha transnacional do sector da alimentación, varias industrias conserveiras e un cargadoiro de pedra.
- A situada a ambas as beiras da estrada N-555 no lugar de Millarada, na parroquia de Vilar de Infesta.

Outras instalacións áchanse nas saídas do núcleo urbano de Redondela polas estradas N-552 (a Vigo), N-555 (ao aeroporto) e N-550 (ao Porriño).

Por actividades, destacan as do conxelado e as da conserva. Tamén teñen certa importancia as actividades téxtiles, químicas, madeireiras, metalúrxicas e as artes gráficas.



2.13. SERVIZOS XERAIS

A proximidade de Redondela á cidade de Pontevedra (20 Km dende a capital municipal) e á cidade de Vigo (15 Km) permite aos seus habitantes gozar dunha grande cantidade de servizos, principalmente administrativos e de transportes. Ao mesmo tempo e por mor de desempeñar un papel secundario na trama comarcal e provincial excesivamente dependente das cidades anteriores, o concello de Redondela viuse relegado na distribución de determinados servizos en favor de vilas de semellante ou menor tamaño cabeceiras de comarca.

Todos os servizos administrativos de carácter supramunicipal áchanse en Vigo ou Pontevedra agás as Consellaría de Asuntos Sociais e de Xustiza, Interior e Relacións Laborais que teñen delegación en Redondela. Outros centros dependentes da Xunta son o servizo veterinario da Dirección Xeral de Saúde Pública situado en Chapela, o Centro de Minusválidos Psíquicos de Trasmañó e o Centro de Seguridade e Saúde Laboral de Rande.

A capitalidade do partido xudicial tamén se atopa en Vigo, existindo en Redondela un xulgado de distrito, dúas oficinas de Correos (unha no núcleo de Redondela e a outra en Chapela), unha oficina do INEM, unha oficina do Instituto Social da Mariña e un laboratorio dependente do Ministerio de Sanidade e Consumo.

Algúns dos indicadores típicos deste apartado reflíctense na seguinte táboa. Os resultados comparados non difiren en exceso, agás na alta porcentaxe de bancos por cada 1.000 habitantes en Galicia (posibelmente vencellada á importante dispersión poboacional) e no baixo número de teléfonos por cada 1.000 habitantes de Redondela, especialmente con respecto á media española.

		Bancos	Caixas de Aforro	Nº de teléfonos
Redondela	Total	10	10	9.621
	Por cada 1000 hab.	0,34	0,34	331
Provincia de Pontevedra	Total	388	325	332.238
	Por cada 1000 hab.	0,42	0,35	361
Galicia	Total	1.289	1.018	1.031.004
	Por cada 1000 hab.	0,47	0,37	377
España	Total	14.756	19.829	17.275.159
	Por cada 1000 hab.	0,35	0,22	413

Táboa 20. Bancos, caixas de aforro e teléfonos por habitante. 2003

Fonte: Anuario Económico de La Caixa.



2.14. SERVICIOS DE TRANSPORTE E VÍAS DE COMUNICACIÓN

Redondela atópase ben comunicada por estrada, autoestrada (Chapela) e ferrocarril con Vigo e Pontevedra e por avión (o aeroporto de Vigo atópase entre os termos municipais de Vigo, Mos e Redondela) coas principais cidades de España e algunhas europeas.

No entanto, os servizos de transporte públicos interurbanos adoecen das frecuencias e, nalgúns casos, das instalacións requiridas para evitar o uso abusivo do automóbil que nos últimos anos vén provocando a saturación dalgunhas vías de comunicación (N-552 na vila de Redondela ou a AP-9 na ponte de Rande.

TAXIS

Existen tres paradas de taxi no concello: dúas na parroquia de Chapela e unha no centro urbano de Redondela.

AUTOBUSES

Autos González S.L., Castromil, S.A., Empresa Raúl S.A. e Gómez de Castro S.A. son as catro empresas concesionarias das liñas regulares que actualmente funcionan no concello. Ademais destas está Vitrasa que ten a concesión do transporte urbano na cidade de Vigo e cuxas liñas chegan até a parroquia de Chapela.

Existe unha liña regular que comunica Redondela con Vigo con paradas intermedias, outra que vai de Pontevedra a Vigo atravesando as parroquias costeiras do concello e unha terceira que dende Pontevedra se dirixe cara ao Porriño. Ademais existen outras liñas menos importantes que comunican o núcleo de Redondela con algunhas parroquias ou con concellos próximos como Pazos de Borbén ou Fornelos de Montes. As liñas que pasan polo concello son as seguintes:

Castromil

- A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo, con paradas dentro do termo municipal en Cesantes, Redondela, Formiga (discrecional), Rande e Chapela.
 - Unha expedición de ida e volta os domingos.
- Ferrol-Santiago-Pontevedra-Vigo, con paradas en Cesantes, Redondela, Formiga (discrecional), Rande e Chapela.
 - Unha expedición de volta os domingos ou no último festivo.
- Santiago-Padrón-Caldas de Reis-Pontevedra-Redondela-Vigo, con paradas en Cesantes, Redondela, Formiga (discrecional), Rande e Chapela.
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres laborábeis.
 - Unha expedición de ida e volta os sábados laborábeis.
 - Unha expedición de ida e volta os domingos e festivos.



- Pontevedra-Redondela-Vigo con paradas en Cesantes, Redondela, Formiga (discrecional), Rande e Chapela.
 - Oito expedicións de ida e nove de volta de luns a venres laborábeis.
 - Dúas expedición de ida e tres de volta os sábados laborábeis.
 - Dúas expedicións de ida e volta os domingos e festivos.
- A Xunqueira (Campus de Pontevedra)-Pontevedra-Redondela con parada en Cesantes.
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres lectivos.
- Arcade-Redondela-AP-9 (Rande)-AP-9 (Puxeiros)-CUVI con parada en Cesantes.
 - Dúas expedicións de ida e volta de luns a venres lectivos.
- Arcade-Redondela-AP-9 (acceso 148 Rande)-AP-9 (acceso 159 Puxeiros)-CUVI con paradas en Cesantes, Redondela, Formiga (discrecional) e Rande.
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres lectivos.
- Vilagarcía-Pontevedra-Redondela-Vigo-Bouzas
 - Unha expedición de ida os venres laborábeis en período lectivo.
- Vigo-Redondela-Pontevedra-Príncipe Felipe
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres lectivos.
- Vigo-Redondela-Pontecaldelas-A Lama- Racelo (cárcere da Lama)-Antas con paradas en Chapela de Arriba, Alto da Encarnación, Cabanas, Rande, Formiga, Redondela, Cesantes e Soutoxuste.
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres laborábeis.
 - Unha expedición de ida e volta os sábados laborábeis.
 - Unha expedición de ida e volta os domingos e festivos.
- Vigo-Redondela-Pontecaldelas.
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres laborábeis.
 - Unha expedición de ida e volta os sábados laborábeis.
- Pontecaldelas-Redondela-Cabanas-AP-9-Puxeiros –CUVI
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres laborábeis lectivos.
- Ponte Internacional-Tui-O Porriño-Pontevedra con paradas no termo municipal no alto dos Valos, Saxamonde, Redondela, Pereiro e Cesantes.
 - Cinco expedicións de ida e volta de luns a venres laborábeis
 - Tres expedicións de ida e volta os sábados laborábeis.
 - Unha expedición de ida e volta os domingos e festivos.
- Amoedo-Cepeda-Nespereira-alto dos Valos-Redondela con parada en Saxamonde.
 - Tres expedicións de ida e volta de luns a venres laborábeis.
 - Unha expedición de ida e volta os sábados laborábeis.

Respecto ao número de viaxeiros, conqueríronse datos respecto dos seguintes tramos:

- Tramo Vilagarcía de Arousa-Vigo para os anos 1997 e 2001. Na comparanza do segundo trimestre obtéñense 12.803 viaxeiros transportados no ano 1997 por 8.390 no 2001. Os datos dos outros trimestres son semellantes.



- Tramo Ponte Internacional (Tui)-Pontevedra para os anos 1999, 2001 e 2003. Os datos obtidos para o primeiro trimestre foron 7.230 viaxeiros transportados no ano 1999, 16.081 no 2001 e 12.012 no 2003.

Autos González

- Redondela-N-550-Vigo (Areal) con paradas no termo municipal en Formiga, Rande, Cabanas, Acceso A-9, Alto da Encarnación e Chapela.
 - Vinte expedicións de ida e volta de luns a venres laborábeis.
 - Doce expedicións de ida e volta os sábados laborábeis.
 - Sete expedicións de ida e volta os domingos e festivos.
- Redondela-N-550-AP-9-Vigo (Bouzas) con paradas no termo municipal en Formiga, Rande, Cabanas, Acceso AP-9, Alto da Encarnación e Chapela.
 - Catro expedicións de ida e volta de luns a venres laborábeis.
- Fornelos de Montes-Redondela-Vigo con paradas en Reboreda, Canteira, Redondela, Estación de ferrocarril, Rande, Cabanas, Acceso AP-9, alto da Encarnación e Chapela.
 - Dúas expedicións de ida e volta diarias.
- Fornelos de Montes-Redondela con paradas en Reboreda e Canteira.
 - Dúas expedicións de ida e volta de luns a venres laborábeis.
- Berducido-Fornelos de Montes-Redondela (feira de Redondela).
 - Unha expedición de ida e volta o seis e vinteun de cada mes.
- Redondela- Pereiro- O Viso – Alxán - Castelo de Soutomaior con parada no concello en Pereiro-Teixeira e O Viso.
- O Viso-Nogueira-Pereiro.
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres laborábeis.
- Castelo de Soutomaior-Moreira-O Viso.
 - Unha expedición de ida e volta os martes e xoves laborábeis.
- Redondela-Pereiro-Ventosela-Reboreda-Redondela (Circular).
 - Unha expedición de ida e volta os luns, mércores e venres laborábeis.
- Redondela-Canteira-Reboreda-Quintela-Canteira-Redondela (Circular).
 - Unha expedición de ida e volta os luns, mércores e venres laborábeis.
- Cedeira-Redondela-San Pedro-alto de Cesantes-Punta Praia de Cesantes-San Pedro-Redondela (Circular).
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres laborábeis.
- Redondela-N-550-AP9-CUVI
 - Dúas expedicións de ida e volta de luns a venres lectivos.
- A Pena-Peinador-Galleiro-A Pena-Santo Estevo-Redondela.
 - Dúas expedicións de ida e volta de luns a venres laborábeis.
 - Unha expedición de ida e volta os sábados laborábeis durante os meses de outubro a xuño.
 - Unha expedición de ida e volta os días 6 e 21 de cada mes (feira de Redondela).
- Redondela-A Pena-Requeixo-Meixoeiro-CUVI.



- Dúas expedicións de ida e volta de luns a venres lectivos.
- Redondela-A Pena- Requeixo-Meixoeiro.
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres en período non lectivo.

Respecto ao número de viaxeiros, obtivéronse os datos do seguinte tramo:

- Tramo Castelo de Soutomaior-Vigo para os anos 2001 e 2003. Na comparanza do segundo trimestre obtéñense 97.618 viaxeiros transportados no ano 2001 por 91.820 no 2003. Os datos dos outros trimestres son semellantes.

Gómez de Castro

- Forcarei-Cachafeiro-A Xunqueira-Pontevedra-Redondela-Vigo con paradas no termo municipal en Redondela e Chapela.
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres laborábeis.
 - Unha expedición de ida e volta os sábados laborábeis.

Raúl

- Mondariz-Mondariz Balneario-Prado-Ponteareas-O Porriño-Pontevedra con paradas nos Valos, Saxamonde, Quintela (discrecional), O Muro (discrecional), Redondela, Santa Mariña (discrecional), Cesantes, Soutoxuste.
 - Unha expedición de ida e volta de luns a venres laborábeis.

Seguindo unha tendencia común a todo o país, na última década produciuse unha lixeira mingua no número de pasaxeiros nas liñas comentadas e, sobor de todo, nas que comunican Redondela cos concellos do interior.

Alén dos traxectos comarcais, a cidade de Vigo conta cunha estación de autobuses dende onde se pode viaxar a todas as cidades galegas e a algunhas españolas, portuguesas e do resto de Europa.

TRENS

Redondela posúe unha estación de tren pola que pasan dúas liñas: Vigo-A Coruña e Vigo-Ourense. Todos os trens que saen de Vigo teñen parada en Redondela agás os TRD Vigo-A Coruña. Ademais algúns rexionais paran no apeadoiro de Chapela. Os percorridos con parada na estación de Redondela son os seguintes:

VIGO-BARCELONA

Todos os días ás 18.15

Martes, xoves e sábados ás 07.35

VIGO-IRÚN

Todos os días ás 09.10

VIGO-MADRID

Todos os días ás 10.20

Ecoplanin



Todos os días agás sábados ás 13.37
Sábados ás 09.55

VIGO-PONTEVEDRA-SANTIAGO-A CORUÑA
Todos os días ás 05.45, 09.20, 12.50, 13.45, 18.40

VIGO-PONFERRADA-LEÓN
Todos os días ás 06.40, 09.10, 14.37 (con enlace) e 18.15
Martes, xoves e sábados ás 07.35

VIGO-OURENSE
Todos os días ás 06.40, 09.10, 14.37 e 18.15, 19.23 e 22.20
Todos os días agás sábados ás 13.37
Martes, xoves e sábados ás 07.35
Sábados ás 09.55

VIGO-OPORTO
Todos os días ás 08.25 e ás 19.08

AVIÓNS (Aeroporto de Vigo)

O aeroporto de Vigo ofrece cada ano máis destinos e máis frecuencias de voos. Actualmente operan regularmente tres compañías aéreas que ofrecen os seguintes servizos:

Iberia

VIGO-BARCELONA
Todos os días ás 08.20 e ás 12.50.

VIGO-BILBAO
Todos os días ás 16.45. Ademais os sábados hai un voo ás 13.10.

VIGO MADRID
Todo os días ás 07.00, 11.50, 14.55, 17.50 e ás 19.30
Ademais os sábados hai un voo ás 07.55; os días laborábeis un ás 09.20 e todos os días agás os sábados outro voo ás 21.35.

VIGO-VALLADOLID
Todos os días menos os sábados ás 13.55.

VIGO-PARÍS
Todos os días menos os sábados ás 13.35

Spanair

Ecoplanin



VIGO-MADRID:

De luns a sábado ás 07.35 e ás 11.25.

De luns a xoves ás 10.15.

Todos os días, agás o sábado, ás 19.30

VIGO-BARCELONA:

De luns a venres ás 11.10 e ás 19.25

De luns a sábado ás 07.30.

Os sábados ás 15.25

VIGO-PALMA DE MALLORCA

De luns a venres ás 11.10

De luns a sábado ás 07.30.

Os sábados ás 15.25

Todos os días, agás os sábados, ás 19.25.

VIGO-MENORCA

De luns a venres ás 11.15.

VIGO-MÁLAGA

De luns a sábado ás 07.30 e ás 15.25.

De luns a venres ás 11.10.

Todos os días, agás os sábados, ás 19.25.

VIGO-AS PALMAS

De luns a sábado ás 07.30

De luns a venres ás 11.10

Todos os días, agás os sábados, ás 19.25.

VIGO-TENERIFE SUR

Mércores ás 12.10

VIGO-TENERIFE NORTE

De luns a sábado ás 07.30

De luns a venres ás 11.10

VIGO-LANZAROTE

De luns a sábado ás 07.30

De luns a viernes ás 11.10

Os sábados ás 15.25

VIGO-BILBAO

De luns a sábado ás 07.30

De luns a venres ás 11.10 e ás 15.25

Todos os días, agás os sábados, ás 19.25

VIGO-ALACANTE

De luns a sábado ás 07.30

Ecoplanin



De luns a venres ás 15.25
 Todos os días ás 19.25

VIGO-SEVILLA

De luns a sábado ás 07.30
 De luns a venres ás 11.10
 Todos os días, agás os sábados, ás 19.25

VIGO-FORTEVENTURA

De luns a sábado ás 07.30

VIGO-VALENCIA

De luns a sábado ás 07.30
 De luns a venres ás 11.10 e ás 15.25
 Todos os días, agás os sábados, ás 19.25

VIGO-LISBOA

De luns a sábado ás 07.30
 Todos os días, agás os sábados, ás 19.25

VIGO-FRANCFURT

De luns a sábado ás 07.30 e ás 15.25
 De luns a venres ás 11.10

VIGO-COPENHAGUE

De luns a sábado ás 07.30
 De luns a venres ás 11.10

VIGO-ESTOCOLMO

De luns a sábado ás 07.30

Air France

VIGO-PARÍS

De luns a sábado ás 12.05
 De luns a venres e domingos ás 18.10

AUTOMÓBILES

Case hai un turismo por cada dous redondeláns, unha porcentaxe que ademais de ser lixeiramente superior ás medias galega e estatal vai en aumento. En total hai case 16.700 vehículos espallados nun territorio de tan so 52, 2 Km².

Turismos	Motos	Furgonetas/	Autobuses	Tractores	Outros	Total
----------	-------	-------------	-----------	-----------	--------	-------

Ecoplanin



				Camións				
Redondela	Total	13.260	771	2.031	50	147	429	16.688
	Por cada 100 hab.	45,6	2,6	7,0	0,17	0,51	1,5	57,4
Provincia de Pontevedra	Total	416.558	24.909	64.853	1.474	3.051	10.822	521.667
	Por cada 100 hab.	45,3	2,7	7,1	0,16	0,33	1,2	56,7
Galicia	Total	1.189.167	59.121	199.284	4.869	9.189	29.104	1.490.734
	Por cada 100 hab.	43,4	2,2	7,3	0,18	0,34	1,1	54,5
España	Total	18.153.362	1.483.769	3.950.206	56.152	155.977	452.435	24.251.091
	Por cada 100 hab.	43,4	3,5	9,4	0,13	0,37	1,1	58,0

Táboa 21. Parque automobilístico comparado. 2003

Fonte: Anuario Económico de La Caixa.

En canto as prazas públicas para os vehículos, existe un aparcadoiro na Xunqueira (Redondela) que funciona en réxime de concesión. Alén, existen importantes zonas de aparcadoiro nas zonas da Alameda e da Marisma (Redondela), en Chapela e na praia de Cesantes. Tamén hai prazas reservadas para minusválidos aínda que dende a propia administración local se recoñece que non abundan.

VÍAS DE COMUNICACIÓN

As principais vías de comunicación por estrada son a autoestrada A-9 que une Tui e Vigo con Pontevedra e que suca a parroquia de Chapela, a N-552 que conecta Vigo co núcleo de Redondela, a N-550 que atravesa de norte a sur o concello unindo Pontevedra co núcleo de Redondela e continuando cara ao Porriño, a N-555 que conecta o núcleo de Redondela coa N-556 na parroquia viguesa de Cabral, preto do aeroporto de Peinador e a comarcal PO-250 que xungue o núcleo urbano de Redondela coas parroquias de Amoedo e Pazos no concello de Pazos de Borbén.




Gráfico 17. Estradas principais

Fonte: Galinor. 2004

A rede de ferrocarril se compón de dúas vías simples: a Vigo-Ourense por Guillarei que está electrificada e a Vigo-A Coruña, sen electrificar.

ACTUACIÓNS FUTURAS

A nivel local a concellaría de mercados e feiras, turismo, transporte e emprego ten proxectado a colocación nas paradas de autobuses de paneis informativos das frecuencias de todas as liñas que paran no concello co obxecto de paliar a confusión dos viaxeiros e fomentar a utilización deste transporte.

A nivel autonómico, a Xunta de Galicia está a elaborar un plano para a mellora do transporte na área metropolitana de Vigo. Áchase na súa fase inicial polo que aínda se descoñece en que vai consistir.

2.15. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Segundo o Censo Nacional de Instalacións Deportivas do Consello Superior de Deportes existen en Redondela 33 instalacións deportivas que abeiran un total de 53 espazos deportivos:

- CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL
 - 1 CAMPO DE FÚTBOL
- CAMPO DE FÚTBOL ANEXO AO MUNICIPAL
 - 1 EXPLANADA
- PTVO. MUNICIPAL DE REDONDELA
 - 1 SALA CUBERTA
- INT. DE REDONDELA
 - 1 PISTA POLIDEPORTIVA
 - 1 SALA CUBERTA
- INT. DE FP DE REDONDELA
 - 2 PISTAS POLIDEPORTIVAS
 - 1 SALA CUBERTA
- C PB DE REDONDELA
 - 3 PISTAS POLIDEPORTIVAS
 - 1 EXPLANADA
 - 1 SALA CUBERTA
- CENTRO RECREATIVO CULTURAL
 - 3 SALAS CUBERTAS
- PTVO. DA XUNQUEIRA (Multiusos)
 - 1 PISTA POLIDEPORTIVA
- CAMPO DE FÚTBOL DE REBOREDA
 - 1 CAMPO DE FÚTBOL
- C PB DE REBOREDA ST. PAIO
 - 2 PISTAS POLIDEPORTIVAS
- C PB OUTEIRO DE PENAS
 - 3 PISTAS POLIDEPORTIVAS
 - 1 SALA CUBERTA
- CIRCULO RECREATIVO DE CESANTES
 - 2 SALAS CUBERTAS
 - 1 OUTRO
- CAMPO DA GANDARA
 - 2 CAMPOS DE FÚTBOL
- S D CHAPELA
 - 1 CAMPO DE FÚTBOL
- C PB IGREXA CHAPELA
 - 1 SALA CUBERTA
- C PB ALEXANDRE BOVEDA
 - 2 PISTAS POLIDEPORTIVAS
- C PB LAREDO CHAPELA
 - 1 PISTA POLIDEPORTIVA
- PTVA. PIÑAL SN



- 1 PISTA POLIDEPORTIVA

- C PB CABEIRO
 - 1 EXPLANADA
 - 1 PISTA POLIDEPORTIVA
- C PB DE CEDEIRA
 - 2 PISTAS POLIDEPORTIVAS
- CAMPO DE FÚTBOL CHANS DAS PIPAS
 - 1 CAMPO DE FUTBOL
- CLUBE DEPORTIVO VILAR-CABEIRO
 - 1 CAMPO DE FÚTBOL
- PISCINA MUNICIPAL
 - 1 PISCINA DEPORTIVA
 - 1 PISCINA PEQUENA
- PAVILLÓN POLIDEPORTIVO
 - 1 PAVILLÓN
- P. POLIDEPORTIVO DO VISO
 - 1 PISTA POLIDEPORTIVA
- P. POLIDEPORTIVO DE SAXAMONDE
 - 1 PISTA POLIDEPORTIVA
- P. POLIDEPORTIVO DE NEGROS
 - 1 PISTA POLIDEPORTIVA
- XIMNASIO MUNICIPAL
 - 2 SALAS CUBERTAS
- C.P. DE QUINTELA
 - 1 SALA CUBERTA
 - 1 PISTA POLIDEPORTIVA
- PAVILLÓN REBOREDA
 - 1 PISTA POLIDEPORTIVA
- P.P. SANTA MARÍÑA
 - 2 PISTAS DE TENIS
 - 1 PISTA POLIDEPORTIVA
- CAMPO DE FÚTBOL DE TRASMAÑÓ
 - 1 EXPLANADA
- PISTA POLIDEPORTIVA DE TRASMAÑÓ
 - 1 PISTA POLIDEPORTIVA

Táboa 22. Instalacións deportivas. 2004

Fonte: Consello Superior de Deportes



2.16. INSTALACIÓNS CULTURAIS

BIBLIOTECAS

O concello de Redondela conta cunha biblioteca pública situada no centro da vila e unha axencia de lectura na parroquia de Cabeiro. A Casa da Torre (fogar de peregríns xestionado pola Xunta) tamén posúe unha biblioteca.

Além disto, todos os centros parroquiais contan con pequenas bibliotecas e para o vindeiro mes de decembro (de 2004) está prevista a inauguración da biblioteca pública de Chapela con máis de 3.000 volumes.

	BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “VALLE INCLÁN”	AXENCIA DE LECTURA MUNICIPAL DE CABEIRO
Enderezo	Edificio Multiusos. Paseo da Xunqueira, s/n	Centro Cultural de Cabeiro
Teléfono	986 401561	986 488162
Páxina na internet	www.cidadesdixitais.org	x
Horario	Inverno L-V: 11-14 h.; 17-20 h. Verán L-V: 9-14 h.	L-V: 16:30-21 h.
Postos de lectura	113	30
Número de libros	12.000	2.500
Materiais especiais	Discos, cassetes, DVD, vídeos...	x
Servizos	Actividades culturais Información bibliográfica Empréstimo a domicilio Lectura na sala Acceso a internet dos usuarios Lector CD-ROM Fotocopiadora Solicitude de adquisición Hemeroteca Videoteca Consulta das bases de datos	Empréstimo a domicilio Lectura na sala

Táboa 23. Bibliotecas municipais de Redondela. 2003

Fonte: Guía de bibliotecas de Galicia. Xunta de Galicia

A bibliografía máis completa fornécena a Biblioteca Pública Nodal de Vigo (situada no centro da cidade e que conta con 153 postos de lectura e 116.714 libros) e a Biblioteca Pública da Universidade de Vigo (informatizada e especializada por áreas de coñecemento).



OUTRAS INSTALACIÓNS CULTURAIS

As máis destacadas son os Edifícios Multiusos de Redondela e Chapela e a Casa da Cultura que conta con sala de exposicións e abeira o Servizo de Normalización Lingüística do Concello. Tamén conta con sala de exposicións a Casa da Torre. Agás o Multiusos de Chapela, todas as instalacións áchanse no centro urbano de Redondela. Cómpre subliñar que existe un proxecto para a construción dun auditorio de 700 prazas na zona da Marisma.

CENTROS CULTURAIS

- **Centro Cultural, Social, Recreativo, Deportivo e da 3º idade de Cabeiro**
Barrio da Igrexa, 33 (Cabeiro)
- **Centro Cultural de Santo Estevo de Negros**
Negros s/n
- **Centro Recreativo Cultural de Redondela**
Avda. Ernestina Otero, 37
- **Centro Social, Cultural, Recreativo e da 3ª Idade de San Vicente de Trasmañó**
Igrexa (Trasmañó)
- **Centro Social, Cultural, Recreativo, Deportivo e de asistencia á 3º idade de Cedeira**
Cruceiro (Cedeira), 52
- **Círculo Cultural e Recreativo de Cesantes**
Outeiro das Penas, s/n (Cesantes)
- **Círculo Cultural Recreativo de Chapela**
Estrada de Vigo, 230. Cardona-Laredo (Chapela),
- **Centro Cultural e Deportivo de Cidadelle**
Camiño das Concheiras, 1. Cidadelle (Chapela)
- **Centro Social, Cultural, Recreativo, Deportivo e da 3º idade de Vilar de Infesta**
Barrio da Igrexa, 78 A (Vilar de Infesta)
- **Centro Social, Deportivo e Cultural “A Miñoteira”**
Monte da Miñoteira-Vilar do Mato, 91-A

2.17. TURISMO, HOSPEDAXE E RESTAURACIÓN

O sector turístico é un dos menos desenvolvidos de entre os concellos costeiros das Rías Baixas. O Camiño Portugués a Santiago, as illas de San Simón e Santo Antón, os viadutos de Redondela e a praia de Cesantes son catro dos atractivos turísticos máis coñecidos fóra do concello. Hogano, a Administración Local está a traballar na recuperación da fervenza e muíños de Reboreda, na Rota das Pedras en Ventosela (8 Km), no acondicionamento da antiga traída da auga como roteiro para bicicletas, na potenciación do camiño de pelegrinaxe ao santuario da Franqueira (42 Km atravesando 8 concellos), na mellora ambiental do areal de Cesantes, etc. A Xunta de Galicia está a desenvolver un Plano Director de San Simón que consiste no axeitamento da vexetación das illas e na restauración e equipamento da meirande parte das construcións previamente existentes como o antigo hospital que pasará a abeirar unha biblioteca e un museo. Outros equipamentos cos que contarán as illas serán: vivenda do garda, cafetaría, sede de Estudos Mariños, capela (rehabilitada), edificio para cursos e seminarios, multiusos, residencia Stella Maris, unha sala de talasoterapia e unha futura escola de vela. Tamén contempla o acondicionamento dos peiraos de ambas as dúas illas. Na altura xa se comezaron a realizar actividades culturais neste antigo convento, prisión e lazareto.

Segundo o Anuario Económico de La Caixa do ano 2003 no concello de Redondela hai 184 bares e restaurantes. Na seguinte táboa represéntanse os datos actuais verbo dos servizos de aloxamento:

Hoteis/Hostais	
Número	Cuartos
5 (todos de 1 estrela)	86
Pensións	
Número	Prazas
0	0
Apartamentos turísticos	
Número	Prazas
0	0
Parques de campismo	
Número	Prazas
1 (de 2ª categoría)	138
Turismo rural	
Número	Prazas
2 (1 casa de labranza e 1 pazo)	18
Fogar de Pelegríns	
Número	Prazas
1 (Casa da Torre)	58 (2 para discapacitados)

Táboa 24. Distribución dos servizos de aloxamento. 2004
Fonte: Turgalicia



2.18. SERVICIOS SANITARIOS

O concello de Redondela conta con tres centros de atención primaria: dous centros de saúde e un consultorio. O centro de saúde de Redondela abeira tamén os servizos de urxencias. Para ir ao hospital os redondeláns débense desprazar ao complexo hospitalario Xeral-Cíes de Vigo.

Centro de Saúde de Redondela	
Servizos Básicos	
	Medicina xeral
	Pediatría
Servizos de Apoio	
	Odontoloxía
	Enfermaría obstréctico xinecolóxica
	Farmacia
	Fisioterapia
	Traballo social
Radioloxía	
Extracción periférica	
Servizos administrativos	
Aplicación informática	
	Cita previa
Urxencias	
	Punto de atención continuada Redondela
Centro de Saúde de Chapela	
Servizos Básicos	
	Medicina xeral
	Pediatría
Servizos de Apoio	
	Enfermaría obstréctico xinecolóxica
	Traballo social
Radioloxía	
Extracción periférica	
Servizos administrativos	
Aplicación informática	
	Cita previa
Urxencias	
	Punto de atención continuada en Redondela
Consultorio de Chapela	
Servizos Básicos	
	Medicina xeral
Urxencias	
	Punto de atención continuada en Redondela

Táboa 25. Centros de atención primaria de Redondela. 2004

Fonte: Servizo Galego de Saúde



2.19. ASOCIACIONISMO

No rexistro do concello de Redondela áchanse 176 asociacións das que 172 teñen a súa actividade no propio termo municipal. Destas, unhas 50 manteñen unha importante actividade. Na seguinte táboa agrúpanse as asociacións segundo as súas características:

CARACTERÍSTICAS DAS ASOCIACIÓNS	NÚMERO
3ª Idade	3
Asociacións de Nais e Pais (ANPAS)	17
Axuda	2
Benéficas	1
Cine	1
Comisións de festas	11
Comunidades de montes	1
Consumidores e usuarios	3
Coral	1
Cultural	21
Danza e baile	1
Deportivas (clubes)	35
Deportivo-cultural	3
Discapacitados	1
Ecoloxistas	3
Educativas	4
Folclóricas	1
Grupos de amigos	2
Lecer	1
Muller	4
Musical	4
ONG	2
Profesionais	3
Protectoras de animais e plantas	1
Socioasistencial e Intervención social	2
Socioculturais	5
Teatro	1
Veciños	29
Xuvenil	9

Táboa 26. Asociacións de Redondela. 2004

Fonte: Concellaría de Participación Cidadá. Concello de Redondela.

A maior parte das asociacións son de carácter deportivo –case todas clubs-, veciñal, cultural e ANPAS dos colexios públicos do concello. Cómpre destacar que tanto as asociacións veciñais, de consumidores e usuarios como as ANPAS atópanse federadas a nivel municipal. Tamén entre as asociacións profesionais existe unha *Asociación de Empresarios de Redondela* que na altura representa a 210 asociados.



2.20. PARTICIPACIÓN POLÍTICA

O grao de participación dos redondeláns nas eleccións durante o último ano non difire significativamente da media galega aínda que se amosa moi variábel en función do tipo de comicio. As eleccións estatais veñen sendo as máis participativas namentres que nas últimas europeas a abstención superou o 50 %.

	Europeas 2004	Estatais 2004	Municipais 2003	Autonómicas 2001	Estatais 2000
PSOE	4.421	7.978	6.249	3.771	4.615
PP	4.250	7.319	5.213	6.669	7.631
BNG	1.503	2.390	2.433	3.777	3.351
EU-IU	302	672	1.013	229	396
R.A.	-	-	1.504	-	-
OUTROS	149	212	533	226	165
NULOS E BRANCOS	102	479	(incluídos en “outros”)	(incluídos en “outros”)	(incluídos en “outros”)
VOTOS	10.727	19.050	16.945	14.672	16.158
CENSO			25.943	25.557	23.893
ABSTENCIÓN	56.6	22.9	34.7	42.6	31.1
ABSTENCIÓN EN GALICIA	52.9	23.9	36.7	37.8	30.7

Táboa 27. Resultados das eleccións

Fontes: Varias

2.21. ENERXÍA

Por mor da falla de datos a nivel local a análise enerxética faise a nivel galego tendo en conta que o concello de Redondela adoece de instalacións de produción enerxética e que o comportamento no consumo non difire significativamente da media galega.

Galicia é un país cunha grande capacidade para transformar enerxía (o 10 % do total estatal), que importa o 75 % da enerxía que consume e que exporta o 41 % da electricidade e o 52 % de produtos petrolíferos ao resto de España.

No ano 2002 a enerxía primaria, mediante distintos procesos, transformouse en 8.986 Ktep de enerxía dispoñíbel para consumo final (calor, electricidade ou usos do transporte): 5.646 Ktep (62,8%) destináronse ao consumo interno e 3.340 Ktep (37,2%) exportáronse ao resto de España. Polo tanto, Galicia dispón dunha grande infraestrutura tecnolóxica que a dota dunha importante capacidade para a transformación de recursos enerxéticos primarios.

En termos porcentuais, a capacidade de autoabastecemento de enerxía final (electricidade e calor) de Galicia estímase en arredor do 53 %, se non se considera a demanda de produtos petrolíferos, e dun 33 % en caso de incluíla. Hai que resaltar a importancia enerxética de Galicia en España, xa que o 12 % da enerxía eléctrica dispoñíbel en España se produce en Galicia (o 32 % da hidroeléctrica e máis do 15 % da termoeléctrica convencional).




Gráfico 18. Recursos enerxéticos en Galicia. 2004

Fonte: INEGA

A XERACIÓN DE ENERXÍA EN GALICIA

O parque de xeración de electricidade de Galicia inclúe varias centrais termoeléctricas, plantas de coxeración, centrais abastecidas por fontes renovábeis (eólica, de biomasa e hidroeléctrica), así como algúns de aproveitamento de residuos.

No seguinte cadro apréciase a distribución da potencia eléctrica instalada e a enerxía producida nos anos 2000-2002 nas distintas instalacións.

Ecoplanin

Tipo de xeración	2000		2001		2002	
	Potencia instalada (Mw)	Producción eléctrica (Ktep)	Potencia instalada (Mw)	Producción eléctrica (Ktep)	Potencia instalada (Mw)	Producción eléctrica (Ktep)
Termoeléctrica	2.420	1.223	2.420	1.243	2.420	1.352
Renovábeis	3.585	789	4.002	998	4.249	689
Coxeración non renovábel	461	213	574	218	577	219
Residuos	50	0	50	13	50	203
Total	6.516	2.225	7.046	2.472	7.296	2.463

Táboa 28. Xeración eléctrica en Galicia. (2001-2004)

Fonte: INEGA

O CONSUMO DE ENERXÍA EN GALICIA

Polo que respecta ao consumo enerxético de Galicia, a análise dos datos do Balanzo Enerxético de 2001 ofrece como resultado as seguintes conclusións:

- O consumo de enerxía final incrementouse en 744 Ktep (15,2 %) entre 1999 e 2001.
- O consumo do sector industrial representa o 46,5 % do total, cifra superior á media da UE, que se sitúa no 27,6 %, por mor, sobor de todo, da existencia de industrias de alto consumo enerxético (transformación de aluminio e siderometalúrxica, principalmente).
- O consumo do sector doméstico supón o 10,8 %; inferior á media da UE situada no 26,4 %, debido ao menor consumo en calefacción, así como ao maior peso do consumo enerxético industrial.






Gráfico 19. Distribución do consumo enerxético en Galicia. 2004
Fonte: INEGA

A DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA EN GALICIA

A infraestrutura de transporte eléctrico baséase principalmente en dúas liñas de alta tensión (LAT) de 400 Kv que permiten a conexión cos sistemas de Castela e León. A primeira delas une a central térmica das Pontes coa de Compostilla e con Montearenas. Polo sur discorre a outra liña dende Cartelle, pasando por Trives, até A Lomba. Ambas as dúas liñas están interconectadas mediante outra liña de alta tensión de 400 Kv, As Pontes-Mesón do Vento-Cartelle, que permite manter as circulacións de potencia no caso de desconexión intempestiva dunha delas.

Por outro lado habería que considerar a conexión existente con Portugal mediante a liña de 400 Kv Cartelle-Lindoso, que permite os intercambios de enerxía transnacionais. Na actualidade a conexión con Asturias realízase mediante a rede de distribución de 132 Kv. A rede de alta tensión complétase con liñas de 220 Kv e 132 Kv propiedade na súa maior parte de Rede Eléctrica e Unión Eléctrica Fenosa.

O concello de Redondela é atravesado por tres liñas de alta tensión de 132 Kv. Dúas percorren o concello de norte a sur, unha pola costa e outra polo interior, até rematar na estación do Troncal xa no concello de Vigo. A outra provén do salto hidroeléctrico de Frieira e diríxese por Quintela e Negros tamén até O Troncal.

En canto á distribución de gas, a liña Oporto-Oviedo pasa polas proximidades da divisoria do concello de Redondela co de Pazos de Borbén (liña marrón do gráfico 20). Para antes do ano 2011 está previsto duplicar dita liña.



Gráfico 20. Distribución do gas en Galicia. 2004

Fonte: INEGA



3. CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS

3.1. INCIDENCIA AMBIENTAL DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

A actividade económica dividiuse nunha serie de sectores básicos responsábeis da meirande parte dos impactos ambientais que se produciron ou se producen no concello.

SECTOR AGROGANDEIRO E FORESTAL

A actividade agrogandeira lévase a cabo mediante pequenas explotacións seguindo moitos parámetros da agricultura e gandería tradicionais polo que non é orixe de grandes impactos ambientais. Entre os que se producen, cómpre subliñar a produción de residuos (plásticos de invernadoiro, envases de fertilizantes, recipientes plásticos e metálicos, aparellos en desuso, etc.) e a contaminación difusa por vertido de substancias (praguicidas, xurros, aceites, etc.).

Meirande impacto ten o sector forestal sobor de todo polo monocultivo de especies alóctonas de rápido crecemento e características pirófitas. Este tipo de explotacións trouxo consigo numerosos problemas ambientais como a perda dos aproveitamentos tradicionais do monte, a simplificación dos ecosistemas, a diminución da súa biodiversidade e, indirectamente, o aumento da acción destrutora dos lumes, o empobrecemento do chan e a naturalización de especies invasoras en áreas sen explotación forestal.

Ao fío do anterior, na seguinte táboa reflíctese o grande número de lumes forestais que sufriu o termo municipal na última década aínda que en todos os casos a superficie queimada resultou ser pequena.

ANO	Nº DE LUMES	SUPERFICIE ARBORADA	SUPERFICIE RASA	SUPERFICIE TOTAL
1994	34	4,35	1,31	5,66
1995	95	16,85	9,05	25,90
1996	57	4,38	5,24	9,62
1997	80	6,63	3,02	9,65
1998	91	22,26	11,21	33,47
1999	55	7,40	6,32	13,72
2000	38	7,57	1,40	8,97
2001	43	12,44	2,29	14,73
2002	40	6,12	1,61	7,73
2003	35	11,29	2,17	13,46
TOTAL	568	99,29	43,62	142,91

*Táboa 29. Número de lumes e superficie queimada no concello de Redondela. (1993-2003)
Fonte: Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. Consellaría de Medio Ambiente.*

SECTOR PESQUEIRO

Ecoplanin

Os principais impactos prodúcense no medio litoral (coa construción de infraestruturas para o servizo dos barcos) e no medio mariño (coa alteración de ecosistemas coma no caso dos fondos mariños baixo os polígonos de bateas). Outros impactos que se producen son os pequenos vertidos de aceites e o abandono de residuos como madeiras, plásticos, restos de redes, etc.

SECTOR INDUSTRIAL

É un dos máis impactantes do concello. Un dos principais problemas é a ocupación de grandes superficies de terreo para a instalación de naves industriais, aparcadoiros e almacéns. Unha importante faixa de terreo de dominio público hidráulico foi aterrada para crear chan industrial. No caso das instalacións situadas lonxe da costa tamén existen problemas ambientais xa que a súa ubicación é un tanto anárquica sen ter en conta principios ambientais.

Alén diso, as industrias producen vertidos contaminantes (á ría, ás augas doces e aos solos), unha grande xeración de residuos industriais (perigosos e non perigosos) e emisións atmosféricas (partículas, ruídos e gases nocivos).

A meirande parte das instalacións xeradoras de residuos perigosos pertencen ao sector industrial. O número de grandes produtores de residuos perigosos (> 10 Tm/ano) radicados no concello é de dous namentres que os pequenos produtores rexistrados na actualidade suman 51.




Gráfico 21. Producción anual de residuos perigosos en Redondela. 2000-2003

Fonte: Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia.

SECTOR DA CONTRUCCIÓN

Nos últimos anos reaxiu este sector cuxos principais impactos son a ocupación de chan fértil, o impacto paisaxístico das grandes edificacións, a falla de integración coa vella arquitectura dos núcleos tradicionais, a substitución das vellas estruturas sociais por outras desligadas da contorna (creación de barrios dormitorio), as molestias ao longo da edificación (ruídos, emisións de partículas, alteración do tráfico rodado, etc.) e a xeración de residuos.

Fóra destas consideracións fican as actividades extractivas fornecedoras dos materiais de construción. A este respecto, na altura non existe ningunha explotación en funcionamento e ningún permiso de investigación no termo municipal de Redondela.

SECTOR TURÍSTICO

Aínda que Redondela é un dos concellos de menor desenvolvemento turístico dentro dos situados na área das Rías Baixas e, xa que logo, dos que menos impactos ambientais sofren por esta causa; existen importantes impactos como o urbanismo costeiro (fundamentalmente en forma de segundas residencias), a creación de portos deportivos, a instalación de paseos marítimos e infraestruturas no litoral (principalmente nos areais) e, en xeral, os impactos paisaxísticos e a alteración das formas de vida das parroquias litorais.



Imaxe 6. Lixo amoreado polos temporais na praia de Cesantes



3.2. COMPORTAMENTO SOCIAL E EDUCACIÓN AMBIENTAL

Polo de agora as actividades de educación ambiental que se veñen facendo no concello respostan máis a iniciativas singulares cá unha planificación feita en función de programas e estratexias como a Estratexia Galega de Educación Ambiental.

Alén da campaña anual que realiza a empresa Urbaser -en cumprimento do prego de concesión e que no último ano consistiu na elaboración e distribución dun tríptico sobor da reciclaxe utilizando debuxos feitos polos alumnos dos colexios públicos do concello- elaborouse un calendario ambiental escolar en colaboración coa Concellaría de Ensino.

Estase tamén a traballar na posta en práctica de aulas ambientais que consistirán na realización de roteiros urbanos guiados, recuperación de sendeiros e ecosistemas litorais, etc.

Outras actividades de carácter ambiental que adoitan facer os escolares redondeláns son visitas guiadas a instalacións como a depuradora de Redondela e Sogama.



3.3. PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA E USOS DO SOLO

O concello de Redondela adoece dun Plano Xeral de Ordenación Municipal. Actualmente están vixentes as Normas Subsidiarias de Planeamento do 6 de novembro de 1987. A consellaría de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda ten un convenio co concello de Redondela para a elaboración do PXOM do que xa se publicou o “avance”. Na altura estase a redactar o documento para a súa aprobación inicial para despois sometelo ao trámite de información pública.

Un dos obxectivos do Plano é a consecución de solo industrial agardando obter uns 500.000 m² de novas zonas industriais. No Chan das Pipas (Vilar de Infesta) está previsto un pequeno polígono industrial de iniciativa municipal.

O número de licencias concedidas e denuncias urbanísticas tramitadas nos últimos anos é o seguinte:

	2000	2001	2002	2003	2004 (até o 20-10-2004)
LICENCIAS	270	228	360	188	197
DENUNCIAS	107	108	35	41	67

Táboa 30. Licencias e denuncias urbanísticas no concello de Redondela. 2000-2004

Fonte: Concellaría de urbanismo

3.4. RISCOS AMBIENTAIS E PLANOS DE EMERXENCIA

Actualmente non existe ningún estudo completo de riscos ambientais no concello aínda que se conta con informes nos que se advirte dunha serie deles como a perda de calidade do medio mariño, o problema da erosión e perda de naturalidade do litoral ou o risco -cualificado coma medio- de alagamento das zonas baixas do núcleo de Redondela.

Tampouco existe Plano de Actuación Municipal algún que dea resposta ás situacións de emerxencia que puidesen xurdir. No entanto, tense a intención de comezar a súa elaboración.



Imaxe 7. Confluencia dos ríos Alvedosa e Maceiras en Redondela.



4. PRINCIPAIS IMPACTOS NO MEDIO



4.1. AUGAS

ABASTECIMENTO E SANEAMENTO

Tanto o abastecemento de auga dos habitantes do concello como o saneamento está actualmente adxudicado á empresa Aqualia en réxime de concesión. O concello encárgase da análise das fontes públicas, laboura que realiza cada tres meses mediante encargo a un laboratorio. Segundo estimacións do concello existen unhas 50 fontes potábeis, 10 non potábeis e un número descoñecido de secas. O concello non realiza análises de augas dos ríos aínda que recibe denuncias case diarias por vertidos industriais ou domésticos nos regos e no litoral.

Aqualia é a responsábel de subministrar auga potábel aos veciños de Redondela. Para iso conta coa captación principal do encoro de Eiras de 1.500.000 m³ e dúas secundarias no río Louro e no río Fondón. As augas son tratadas na ETAP de Quintela que ten unha capacidade de 60 l/s. Na altura, algunhas zonas do concello adoecen de “auga da traída”. A distribución realízase mediante 58 Km de caneira e 3.000 acometidas.

Augas de Galicia, organismo autónomo da Xunta, é o encargado de realizar as tomas xerais do saneamento namentres que Aqualia acomete as pequenas tomas. A rede de saneamento ten máis de 45 Km que se utilizan para recoller as augas residuais e pluviais e sitúalas nos puntos de depuración. Hoxe en día case o 80 % da poboación dispón deste servizo.

Consonte á Directiva Europea 91/271, o concello conta con dúas EDAR. A da Xunqueira ten unha capacidade de 24.000 habitantes equivalentes e trata as augas da maior parte das parroquias do concello. A de Teis sitúase no límite dos concellos de Vigo e Redondela, ten unha capacidade de 35.000 habitantes equivalentes e trata as augas das parroquias de Trasmañó, Chapela e parte da de Teis (Vigo).

As augas que chegan a EDAR da Xunqueira son sometidas a un tratamento previo de desbaste, un tratamento primario e outro biolóxico. Ademais conta cunha liña de lama. As augas de entrada e saída son analizadas unha vez ao mes. O contacto das augas tratadas coa ría faise no estreito de Rande por medio dun emisario submarino. Aínda que os técnicos entenden que a capacidade de tratamento actual abonda, cando se producen choivas de certa intensidade a depuradora non é quen de tratar todas as augas xa que na maior parte da rede non se fixo unha separación entre pluviais e fecais. Pouco a pouco estase a realizar esta separación.

A EDAR de Teis ten unhas características semellantes á anterior aínda que non conta con emisario submarino. No mes de setembro de 2004 o concello de Vigo aprobou o financiamento dunhas melloras na liña de lama para evitar os malos cheiros.

CALIDADE DAS AUGAS DA RÍA

Coa entrada en vigor do Decreto 240/2000, de 13 de setembro, polo que se regula a declaración de zonas de baño habilitadas na Comunidade Autónoma de Galicia, declaráronse habilitadas para o baño as zonas solicitadas polos titulares que cumprisen os requirimentos establecidos no citado decreto.

Ecoplanin



No concello de Redondela a Dirección Xeral de Saúde da Consellaría de Sanidade analiza as augas dos areas de Cesantes e Arealonga. As mostras tómanse durante a tempada de baño e analízanse os valores de varios indicadores microbiolóxicos. Dos datos dos anos 1999-2001 conclúese que a praia de Cesantes mantiña un estado aceptábel agás na zona media do areal onde foi variábel. A praia de Arealonga, pola contra, enmarcaríase dentro dos areas non recomendábeis para o baño.

O principal motivo destes resultados débese, na praia de Cesantes, ao vertido episódico de augas residuais industriais e a falla de conexión á rede de saneamento dos colectores de Cesantes. Na praia de Arealonga, o problema radica na desembocadura do regatos Pugariño e Segade nos extremos do areal. Estes ríos transportan unha alta carga orgánica sobor de todo cando se avaría a estación de bombeo. Para minimizar estes problemas, en setembro do 2004 a Xunta aprobou a construción dun emisario submarino na praia de Cesantes e outro na de Arealonga.

Alén do anterior só o Observatorio Medioambiental da Ría de Vigo da Fundación Provigo, realiza un seguimento continuado da calidade das augas da ría. Nestes estudos analízanse as propiedades fisicoquímicas, as condicións oceanográficas, o fitoplancto, o zooplancto, a abundancia dalgunhas especies como a sardiña, a contaminación e o impacto das augas residuais, a partires de estacións de medida distribuídas pola ría.

En xeral, as zonas máis contaminadas por compostos tóxicos atópanse na enseada de San Simón e no estreito de Rande, sobor de todo no caso do chumbo, mercurio, cobre, benzopireno e antraceno.

En canto ao impacto das augas residuais na ría de Vigo, só se realizan medicións entre a desembocadura do Lagares e Teis que a priori son as zonas máis afectadas.

Hai que subliñar tamén que dende xullo de 1993 existe unha orde na que se establecen as diferentes clasificacións das zonas para cultivo de moluscos.

Por último, cómpre citar que no litoral redondelán se producen vertidos periódicos, moitas veces accidentais, pero moi prexudiciais tanto para os ecosistemas como para a propia imaxe da ría. Un dos máis recentes e graves aconteceu no mes de agosto de 2004 e consistiu nun derrame de petróleo que se produciu na parroquia de Chapela e se espallou por toda a ría.



4.2. RESIDUOS

A xestión de residuos réxese pola Lei 10/1998 de residuos, o R.D. 833/1988 que desenvolve a normativa sobre os residuos perigosos e a Lei 11/1997 de envases e residuos de envases. A nivel autonómico e local existe a Lei 10/1997 sobre residuos sólidos urbanos e a Ordenanza Municipal reguladora da xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos do 12 de xullo de 1993, respectivamente.

RESIDUOS URBANOS E ASIMILÁBEIS

A recollida e xestión dos residuos sólidos urbanos é unha competencia municipal. No concello de Redondela é realizada por varias entidades ao estabalecérense concesións ou convenios de colaboración entre concello e empresas. A limpeza de rúas e lugares públicos lévaa a cabo o propio persoal do concello.

A recollida dos residuos destinados aos colectores verde (orgánicos e outros urbanos), amarelo (plástico, brics e latas), azul (papel e cartón) e de pilas, realízase a empresa Urbaser. A concesión vén de hai 8 anos tendo unha duración de 10. Os residuos que se botan no colector amarelo e no verde envíanse á empacadora situada no polígono das Gándaras de Budiño (O Porriño) para seren enviados polo camiño de ferro á planta de Sogama (Cerceda). Nesta instalación clasifícanse e selecciónanse os residuos que se enviarán a outras plantas para a súa reciclaxe, o resto –que é a meirande parte da bolsa do lixo xa que inclúe os residuos orgánicos- son incinerados con aproveitamento enerxético. No caso do papel e cartón, por mor dun convenio do concello de Redondela con Ecoembes, os residuos envíanse a un reciclador autorizado, neste caso Coregal (Padrón).

	Papel e Cartón			Envases			Residuos Sólidos Urbanos		
	2002	2003	2004	2002	2003	2004	2002	2003	2004
Xaneiro	14.070	15.300	15.158	7.720	9.260	10.450	843.110	881.110	905.700
Febreiro	12.700	14.650	15.680	6.120	10.790	10.930	744.920	744.760	811.840
Marzo	13.090	23.000	16.465	6.700	8.120	11.910	815.420	845.790	860.080
Abril	12.350	19.900	14.028	5.950	10.560	10.920	764.120	852.580	877.790
Maio	15.200	21.967	14.328	10.180	9.200	10.880	826.600	879.230	869.420
Xuño	14.220	13.360	16.488	8.410	9.680	12.230	872.080	883.400	884.710
Xullo	12.740	14.170	15.550	9.570	12.030	13.890	891.850	996.990	949.880
Agosto	11.700	12.220	17.350	7.730	8.190	19.800	934.748	990.857	991.190
Setembro	11.720	16.198	15.528	8.880	10.700	12.070	864.838	917.230	961.870
Outubro	15.150	12.663	17.928	9.300	11.670	12.610	917.350	873.080	908.340
Novembro	14.530	12.663	--	9.610	11.410	--	831.397	873.800	--
Decembro	10.220	18.200	--	10.400	12.770	--	910.030	894.820	--
Total	157.690	194.289	158.502	100.570	124.380	125.690	10.216.463	10.633.647	9.020.820
Estimación fin 2004			190.202			150.828			10.824.984

Táboa 31. Quilogramos de residuos recollidos no concello de Redondela. 2002-2004

Fonte: Urbaser



Existen varios colectores pequerrechos de pilas repartidos entre colexios, institutos, algúns comercios e centros públicos do concello. As pequenas cantidades que se recollen son enviadas por Urbaser a un xestor autorizado: PMA (A Laracha). Os colectores de vidro están instalados e xestionados por Ecovidrio mediante un convenio co concello de Redondela. Esta entidade subcontrata a unha empresa (Tranxubia) para realizar a recollida. Actualmente está a comezar unha campaña de recollida de aceites de cociña usados entre establecementos de hostalaría a través dun convenio entre a concellaría de Medio Ambiente e a empresa PMA.

Ano	Habitantes	Vidro		Colectores		Kg/Hab	
		Recollido (Kg)	Crecemento (%)	Ubicados	Crecemento (%)	Redondela	Galicia
2000	28.893	116.670		44		4,0	5,8
2001	28.943	187.380	61	49	11	6,5	7,3
2002	29.045	198.200	6	47	-4	6,8	7,8
2003	29.415	222.930	13	47	0	7,6	9,3
2004		199.270*	19*	59	26		

* Datos provisionais a setembro de 2004

Táboa 32. Recollida do vidro no concello de Redondela. (2000-2004)

Fonte: Ecovidrio

Urbaser tamén realiza a recollida de voluminosos polo sistema de solicitude previa do particular. Estes residuos envíanse á empacadora de Sogama no Porriño. A empresa asegura que realiza unha campaña anual de concienciación e educación ambiental, consistindo a última na elaboración de trípticos informativos baseados nos debuxos dos rapaces dos colexios de ensino infantil do concello.

O concello de Redondela ten a obriga de dispor de lugares axeitados (puntos limpos e depósitos para vertidos de inertes) para a xestión do entullo ou RCD (Residuo de Construción e Demolición). No concello non existe ningún punto limpo nin existe lugar algún autorizado para a vertedura de entullo no concello. En consecuencia realízanse innumerábeis vertidos en múltiples lugares do termo municipal algúns dos cales son eliminados polo concello en resposta, moitas veces, das protestas dos veciños.

Os residuos xerados pola actividade pesqueira no porto de Cesantes son competencia do organismo autónomo de Portos de Galicia (adscrito á consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda). A xestión está concedida para os portos de competencia autonómica na provincia de Pontevedra á empresa Ferrovial Ingeniería Urbana. Os residuos xestionados son: asimilábeis a urbanos, redes, madeiras de palés e aceites usados.

O plano Sogama

A Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) é a actual receptora da meirande parte dos residuos urbanos do concello de Redondela. O seu funcionamento baséase na centralización a nivel galego destes residuos, enviando os reciclábeis (papel e cartón, vidro, plásticos lixeiros, tetrabrics e

Ecoplanin



latas de ferro e aluminio) e os tratábeis (pilas) a plantas específicas. Os residuos non reciclábeis e a materia orgánica é queimada para a súa eliminación con aproveitamento enerxético. Os refugos e máis as cinzas envíanse a un depósito de seguranza.

O seu Plano de Xestión conta con diversos programas desenvolvidos nos últimos anos con máis ou menos suceso:

- Programa de redución de residuos sólidos urbanos.
- Programa de reutilización dos residuos sólidos urbanos.
- Programa de recollida selectiva e reciclaxe de residuos sólidos urbanos.
- Programa de valorización dos residuos sólidos urbanos.
- Programa de rexeneración dos espazos degradados.
- Programa de xestión de pilas usadas.

O punto máis favorábel da implantación do Plan de Xestión de Sogama consistiu na eliminación no ano 2000 do vertedoiro municipal situado na avenida de Mendiño. No entanto e como xa se comentou, segue a ser frecuente a aparición de focos de vertido que o servizo de limpeza do concello vai tratando de eliminar.

RESIDUOS PERIGOSOS

Os residuos perigosos xestiónanse en función da súa normativa específica establecéndose unha relación entre o produtor e o xestor. Con tratamentos ou non a fin do proceso remata nun vertedoiro de seguranza. A competencia recae na Consellaría de Medio Ambiente.

RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS

O sistema é o mesmo que o anterior aínda que por mor da súa mínima perigosidade existe un abano máis grande de xestores sendo en moitos casos recuperadores do residuo (coma no caso da chatarra).

RESIDUOS AGRARIOS

Actualmente non existe ningún programa de xestión destes residuos no concello. Alén do tradicional aproveitamento dos residuos orgánicos como fertilizante a xestión faise coma a dun residuo urbano máis.

4.3. CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

A Lei 38/1972 de protección do ambiente atmosférico e o Decreto 833/1975 que desenvolve a citada Lei son as normas fundamentais reguladoras da contaminación atmosférica no marco do estado español. A nivel autonómico a norma fundamental é a Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.

No concello non existe ningún grande foco emisor de contaminantes atmosféricos. Proba de elo é que o Ministerio de Medio Ambiente non incluíu ningunha empresa situada no concello na selección de grandes contaminadores obrigados a declarar as súas emisións para o cumprimento do Protocolo de Quioto. De todos os xeitos, na base de datos do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia están inventariadas catro empresas (dúas conserveiras, unha auxiliar do automóbil e unha do sector da alimentación) situadas no termo municipal que emiten cantidades significativas de diversos contaminantes atmosféricos: SO₂, NO_x, CO, partículas, etc.

Globalmente, pódese afirmar que a principal fonte de contaminación atmosférica é a circulación de vehículos. As principais estradas do concello sofren unha alta intensidade de tráfico que, en xeral, vén aumentando nos últimos anos. A continuación preséntanse algúns datos:

- Tráfico na AP-9 (ponte de Rande):
 - 1985: 11.000 v/d (vehículos/día)
 - 2003: 44.000 v/d
- Tráfico na N-552 (Portocedeira):
 - 1998: 19.037 v/d
 - 2001: 21.578 v/d
 - 2003: 17.424 v/d
- Tráfico na N-550 (Louredo-Os Valos):
 - 1997: 12.000 v/d
 - 1.999: 11.551 v/d
 - 2.001: 12.020 v/d
 - 2.003: 10.791 v/d
- Tráfico na N-555 (Vilar de Infesta):
 - 1997: 5.487 v/d
 - 1.999: 5.714 v/d
 - 2.001: 5.883 v/d
 - 2.003: 6.403 v/d
- Tráfico na PO-323 (Chapela):
 - 2000: 6.476 v/d

Outras fontes de contaminación atmosférica son as domésticas. Arredor dunhas 20 denuncias ao ano se recollen no concello por mor da existencia de fumes e malos cheiros en baixos comerciais e vivendas, con prexuízo para o resto dos veciños do predio.

En canto os valores de inmisión, non existe ningunha estación de control de calidade do ar no concello. Os únicos datos obtidos son os das estacións leste e oeste da Rede de Control da Calidade do Ar de Citroën Hispania, en Vigo. Os parámetros medidos son SO₂, NO, NO₂ e partículas en suspensión. Estes datos son dificilmente extrapolábeis para calquera punto do concello. Conclúese, xa que logo, que hoxe non existe unha análise continuada da calidade do ar en Redondela.



Imaxe 8. Parroquia de Trasmañó



4.4 RUÍDO

O 1 de agosto de 2003 aprobouse a Ordenanza Municipal de Protección do Medio Ambiente Contra a Contaminación Acústica do Concello de Redondela. Nela detállanse os niveis máximos de ruído e vibracións, zonas de sensibilidade acústica e clasificación de recintos, prevención de ruído en actividades relacionadas con usos industriais e recreativos, inspeccións, sancións, etc.

Na praxe, esta ordenanza incúmprese acotío. As principais fontes de contaminación por rúidos son a circulación de vehículos, os bares de copas, o paso dos trens e dos avións. Adóitanse presentar denuncias por rúidos de bares mal insonorizados ou, en xeral, polo ruído xerado en zonas de copas. En troques, non é frecuente a presentación de denuncias polo ruído xerado polos medios de transporte. O número de denuncias anual rolda as 20.

O concello ten un contrato cunha empresa para a medición de rúidos que a miúdo se realizan como resposta ás denuncias dos veciños. O concello adoece dun mapa de rúidos do termo municipal.

4.5. CAMPOS ELECTROMAGNÉTICOS

A pesares de que o concello de Redondela se atopa atravesado por tres liñas de alta tensión non existen medicións sobre os campos electromagnéticos que xeran. Non adoitan tampouco realizarse denuncias por este feito aínda que si se realizaron co gallo da instalación de antenas de telefonía móbil.



Imaxe 9. Castro de Negros



5. CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO CONCELLO

5.1. CLIMATOLOXÍA

O concello de Redondela é un territorio de relevo irregular, con bordes montañosos, vales, costa e orientacións diversas. Os cursos fluviais, a influencia mariña, a vexetación e as actividades humanas son algúns factores locais que interactúan na configuración final das condicións climáticas locais producindo variacións respecto do clima rexional.

No concello só se atopa unha estación termopluviométrica (no aeroporto de Peinador) e unha pluviométrica (na vila de Redondela) agora inactiva.

En canto os valores de precipitación, a media anual é de 1.730 mm en Redondela e 1.917 mm no aeroporto, acadándose uns valores máximos absolutos de precipitación mensual de 925 mm no aeroporto (decembro de 1978) e de 834 mm en Redondela (decembro de 1981).

Os días de choiva mensual varían dende os 17 da estación do aeroporto en xaneiro até os 7 en xullo e agosto e dos 15 da estación de Redondela en decembro até os 3 de xullo. En total son 153 no aeroporto e 119 en Redondela.

Outros fenómenos meteorolóxicos dos que existen datos para a estación de Peinador son: as néboas que están presentes un 20 % dos días do ano, a neve que é anecdótica (menos dun día de neve ao ano), a saraiba (dous días ao ano), as treboadas (16 días ao ano), as xeadas (5 días ao ano). O número de horas de sol anual é de 2.212 e o de días despexados é de 92.




Gráfico 22. Climograma de Peinador

Fonte: Inventario e catálogo do patrimonio natural e cultural do concello de Redondela

As temperatura media anual varía entre os 12,7 °C das zonas máis altas e os 14,8 °C da beira do mar. Na estación de Peinador (260 m s.n.m.) é de 13,6 °C . No mes de xaneiro, o máis frío, a temperatura media é de 8,3 °C e nos de xullo e agosto, os máis calorosos, de 19,4 °C.

A temperatura máxima absoluta rexistrada no aeroporto de Peinador foi de 38,6 °C, de 32,5 °C a media mensual máis alta en 30 anos e de 24,3 °C a media do mes máis cálido (xullo). A mínima absoluta foi de -4°C, de -0,3 °C a media mensual máis baixa en 30 anos e de 5,0 °C a media do mes máis frío (xaneiro).

En xeral, os valores de precipitación son altos aínda que moi variábeis segundo as estacións. O máximo prodúcese no inverno e o mínimo, moi acusado, no verán. No aeroporto rexístrase unha lixeira aridez estival no mes de agosto. Tendo en conta o aumento das precipitacións coa altura e a diminución da temperatura media, pódese extrapolar que nas zonas baixas do concello existen dous meses de lixeira aridez estival.

As temperaturas son suaves no inverno e cálidas no verán polo que se fala dun clima húmido con lixeira tendencia á aridez estival e morno con curtos períodos cálidos nos meses de verán.




Gráfico 23. Precipitacións na vila de Redondela

Fonte: Inventario e catálogo do patrimonio natural e cultural do concello de Redondela



Seguindo a clasificación de Papadakis baseada en criterios agroecolóxicos e corregida por Carballeira et al., o clima deste concello é Ci (citrus)-O (arroz)-Marítimo fresco ou cálido ou morno (MA).

Segundo a clasificación de Rivas-Martínez o bioclima é Temperán Hiperocéánico (Submediterráneo). O piso bioclimático para a estación de Peinador é Mesotemplado Inferior (Mesosubmediterráneo) Hiperhúmido inferior.

5.2 XEOLOXÍA

No concello de Redondela existen diferentes tipos e clases de formacións sedimentarias e rochas delas derivadas. Estas son as principais series estratigráficas localizadas no termo municipal:

CONXUNTO DE METASEDIMENTOS (Z^{2B}) DO DENOMINADO COMPLEXO VIGO-PONTEVEDRA

Correspóndese cos límites da fosa blastomilonítica ou Depresión Meridiana. Aparecen emprazados na parte central do concello cunha dirección NO-SL. As rochas predominantes neste sector son os gneises de plaxioclase e biotita e, en menor grao, de micaxistos. Aparecen algunhas intercalacións de anfibolitas a modo de lentellóns, aínda que non se observan no sector urbano de Redondela. Esta é unha formación prehercínica. As intrusións de ortogneis granítico emprazadas nos metasedimentos tiveron lugar ao longo do trasfego Cámbrico-Ordovícico. Obsérvase en parte das parroquias de Cedeira, Negros, Quintela e Saxamonde.

COMPLEXO CABO HOME-A LANZADA (PC-S, PC-SQ, E_A)

Son un conxunto de metasedimentos que afloran a ambos os lados do Complexo Vigo-Pontevedra. Por terras de Redondela esténdese como unha franxa ou banda de máis de 5 Km de longo e aproximadamente 3 Km de ancho, en dirección NO-SL, principalmente polas parroquias do Viso, Cesantes, Redondela, Ventosela, Reboreda, Quintela e Saxamonde. A composición litolóxica dominante neste complexo son os xistos de dúas micas (PC-S) que teñen a súa orixe na transformación de sedimentos pelíticos arxilosos, con algunha intercalación lentellar de cuarcita (PC-Sq), moi localizadas, en Soutoxuste, Quintela e Santo Paio (Reboreda). Este complexo data do período transitorio entre o Precámbrico e o Silúrico (hai 570 m.a.).

MATERIAIS E FORMACIÓNS DO CUATERNARIO (Q, QM, QCD, QP, QFL, QD)

Son formacións detríticas (materiais provintes da meteorización física da rocha nai) acontecidas durante este período (1 m.a.-10.000 anos). No territorio municipal áchanse os seguintes casos:

Depósitos recentes eluvio-aluviais (Q)

Están compostos por limos, arxilas e gravas que teñen a súa orixe nos materiais resultantes da disgregación e alteración de xistos, rochas gneísicas e rochas graníticas, é dicir, son froito da erosión xeolóxica da contorna. Depositáanse naquelas zonas de pendente lene, nas valgadas, nas marxes dos leitos fluviais e nas depresións. Emprázanse nas proximidades dos leitos dos principais ríos: en boa parte do val do Maceiras até o súa desembocadura en Redondela, as terras adxacentes ao curso do río Pexegueiro e na Quintana e Santo Paio de Abaixo (Reboreda) nas beiras do río Alvedosa.

Sedimentos de marisma e plataforma intermareal (QM)

Son limos moi ricos en materia orgánica como consecuencia do amoreamento de restos vexetais e animais que ten lugar nestas zonas litorais. Localízanse na foz do Alvedosa e Pexegueiro aínda que na altura a súa superficie minguou por mor dos múltiples aterros e a desaparición das marismas



levadas a cabo durante as décadas pasadas. Tamén hai unha pequena mancha deste tipo de sedimentos nunha enseada en Punta Pesqueira, na costa de Soutoxuste.

Conos de dexección (QCD) ou glacis

Son un abano de areas limosas, bastante regulares en canto á forma do depósito, a ambos as beiras da canle que labraron as augas dos ríos Alvedosa e Pexegueiro na foz da Portela. É o único exemplo desta formación sedimentaria na ría de Vigo.

A construción de rompeondas garda unha estreita relación con esta formación sedimentaria areosa, xa que foron construídas para manter un leito abondo para navegación dos antigos barcos que aínda a mediados do século XX arribaban á vila de Redondela, na zona da Ribeira. Con estas dúas estruturas lonxitudinais de grandes pedras mantíñase unha canle natural practicábel para a navegación, que tamén axudaba a escavar e manter a propia auga do río. Periodicamente extraíanse os materiais depositados coa axuda dos barcos areeiros (“os galeóns”). Aínda hoxe estas formacións areosas son coñecidas pola xente do mar e os mariscadores da enseada, que diferencian entre a “barra de acá” (a norte) e a “barra de alá” (a sur).

Area de praia (QP)

Son acumulacións areosas no bordo litoral froito da acción eólica e mariña. Existen praias en Cesantes, algunha residual na Portela (Portocedeira), en Chapela (Arealonga e Meda), en Rande e en Cabanas. Todas posúen unha granulometría bastante grosa e ben clasificada. A máis importante e de maior desenvolvemento lonxitudinal é a de Cesantes.

Frecha litoral da punta do Cabo (QFL)

É un cordón de area de disposición triangular que se formou en Cesantes, separando as praias de Cesantes (ao sur) e o Cabo (ao norte). Coa marea baixa, esta lingua de area case que chega a se unir á illa de San Simón, o que permite deducir que nun futuro se formará un tómbolo entre a illa e o continente. É un dos mellores exemplos deste tipo de formación sedimentaria na costa de Galicia.



5.3. LITOLOXÍA

As rochas da rexión xeográfica do SO de Galicia son maiormente granitos, xistos e rochas gneísicas, todas elas de natureza aceda. En moito menor proporción están as formacións xeolóxicas do Terciario e Cuaternario que principalmente corresponden aos sedimentos da depresión meridiana antes sinalados. A comarca de Redondela forma parte do Macizo Hespérico, constituído por materiais precámbricos e paleozoicos, de idades superiores aos 500 millóns de anos, que sufriron intensas deformacións a partires da oroxenia Hercínica. (hai 400 m.a.). Segundo MATTE (1968) esta comarca localízase na denominada Zona V: Galicia occidental-noroeste de Portugal. Esta zona padeceu daquela moito metamorfismo e inxeccións graníticas.

Observando a cartografía litolóxica da comarca, destaca a dominancia de rochas granitoides (granito e gneis) e de xistos. A maior parte das rochas presentes no concello son de estrutura cristalina e natureza aceda ou félsica (alta porcentaxe de cuarzo e feldespato), cunha relación de sílice maior do 66 %.

En canto a orixe ou xénese, son de dous tipos principalmente: natureza ígnea ou metamórfica. Entre as rochas ígneas destacan os granitos de dúas micas existindo tamén outros tipos de granitos e diques de cuarzo. Entre as rochas metamórficas salienta a presenza de xistos, gneises e paragneises. En pequenas intrusións aparecen rochas básicas e ultrabásicas que atravesan as formacións metamórficas en forma de lentellóns ou diques arrosariados.

5.4. OROGRAFÍA

O Concello de Redondela forma parte da Galicia litoral, que abrangue as terras costeiras que chegan até os primeiros somontes da dorsal galega, que se espalla de norte a sur ao xeito de grande barreira orográfica que separa a Galicia costeira da Galicia interior.

O concello é cruzado en dirección meridiana por unha grande depresión que de norte a sur separa en dous grandes bloques o territorio. Dende o nivel do mar o relevo local vai ascendendo gradualmente cara ao leste até altitudes que acadan os 447 m no monte Caselo, na parroquia de Reboreda. Do mesmo xeito e cara ao oeste o relevo aumenta até acadar os 449 m do coto Ferreira (parroquias de Trasmañó, Chapela e Cabeiro) e os 448 do pico San Vicente (parroquias de Cedeira e Trasmañó). Na zona norte do concello (parroquias de Cesantes e O Viso) a depresión entra en contacto coa ría de Vigo a través da enseada de San Simón.

A altitude media do concello é de 175 m . As parroquias de Redondela e Cesantes son as situadas a menor altitude namentres que Cabeiro é a de maior altitude media. A distribución da superficie municipal por rangos de altitudes é a seguinte:

- O 17 % da superficie do concello está entre 0 m e 50 m s.n.m.
- O 16 % entre 50 m e 100 m.
- O 28 % entre 100 m e 200 m.
- O 21 % entre 200 m e 300 m.
- O 15 % entre 300 m e 400 m.
- O 3 % entre 400 m e 450 m.

En canto a pendente media, obtéñense estes resultados:

- O 13 % da superficie do concello ten unha pendente entre o 0 % e o 5 %.
- O 17 % entre o 5 % e o 12 %.
- O 25 % entre o 12 % e o 20 %.
- O 27 % entre o 20 % e o 30 %.
- O 17 % entre o 30 e o 55 %.
- O 1 % máis do 55 %.

A pendente media do concello é do 20,42 %. Máis da metade da superficie atópase entre o 12 % e o 30 %. A superficie apta para agricultura dende o punto de vista da pendente é o 54,5 % do total (pendente <20 %). As zonas con riscos erosivos tan so acadan o 1 % da superficie do concello (pendente >55 %).

En canto a exposición dos terreos esta é moi variábel aínda que predominan as exposicións noroeste e oeste. Pola contra, as exposicións norte, nordés e sueste son as menos frecuentes. Respecto da exposición aos ventos, destacan amplas zonas das parroquias de Cesantes, O Viso, Ventosela, Reboreda, Quintela, Chapela, Trasmañó e partes de Cedeira e de Saxamonde. As abas e vales máis protexidos áchanse en Vilar de Infesta, Cabeiro, Negros, Redondela e na maior parte de Cedeira e Saxamonde.

5.5 EDAFOLOXÍA

Por mor da particular topografía da comarca, cun relevo irregular no que se suceden montañas con vales, chairas costeiras, leitos fluviais e marismas, xunto cunha litoloxía variada pero fundamentalmente de carácter acedo, predominan os chans do tipo regosol e cambisol, coas excepcións que se dan nos vales e marismas e nas partes altas das ladeiras e cumios onde os solos son moi delgados e pobres. A abundancia de auga podería ocasionar hidromorfía no período húmido nas partes baixas dos vales dos ríos e así formar gleisoles se as condicións ambientais o permiten, mais non é habitual.

O chan preséntase xa que logo coma un recurso natural chave ao ser a base física e química encol da que se desenvolven os ecosistemas, sobre a que se practica a agricultura e o espazo no que se desenvolveron as urbes e núcleos de poboacións.

Hoxe en día os solos máis fértiles están ameazados por diferentes proxectos de infraestruturas e urbanismo. Cómpre atender á tipoloxía de chans que se pretenden ocupar, xa que a súa formación leva centos ou milleiros de anos o que o converte nun recurso sensíbel e non renovábel a escala humana. Tamén os lumes forestais son quen de alterar a estrutura física do chan o que mingua o desenvolvemento biolóxico.



Imaxe 10. Praia de Arealonga (Chapela)

5.6. A PAISAXE XEOMORFOLÓXICA

O relevo é moi accidentado aínda que non se acadan grandes altitudes. A grosso modo, o territorio amosa as seguintes grandes unidades xeomorfolóxicas:

- A costa: a ría de Vigo e a enseada de San Simón.
- A depresión Meridiana.
- O cordón de montañas orientais.
- O bloque montañoso suroccidental.
- Conxunto de vales, valgadas e ríos.

A parte máis alta do concello sitúase no leste, dende O Viso até Saxamonde e no suroeste, nos montes de Cedeira, Trasmañó, Chapela, Cabeiro e Negros. Estas montañas áchanse sucadas polo río Alvedosa na parte oriental, o Pexegueiro no norte e o Maceiras no sur.

Algunhas das maiores altitudes discorren case paralelas á liña de costa dende a Peneda (329 m) até o Alto dos Valos (175 m) pasando polos cumios de Chan de Roda (334 m), Alto do Laxial (431 m), Penedo Pedroso (432 m), Alto do Caselo (461 m, co cumio no concello de Pazos de Borbén), Poza da Rega (442 m) e Couto de San Román (309). Esta ringleira de montes representa a divisoria de augas e serven de fronteira natural cos concellos de Soutomaior e Pazos de Borbén. Configúrase, deste xeito, dende o norte até o sueste unha morfloxía en forma de anfiteatro disposto ao poñente, xa que as súas vertentes descenden deseguido cara ao nivel do mar.

As outras altitudes destacadas sitúanse no suroeste, separadas do sector montañoso oriental polo val do Maceiras. Culminan no coto Ferreira (449 m) e no pico de San Vicente (448 m). A súa disposición tamén é paralela á costa, con fortes pendentes, de maneira que as terras de Rande, Trasmañó e Chapela caen ao oeste, na banda meridional da ría de Vigo. No cumio deste sistema existe unha antiga superficie de aplanamento, a modo de penechira.

No sector central e oriental (parroquias de Cesantes, Redondela, Quintela e Cedeira) as pendentes comezan de forma suave e paseniño van medrando até os cumios dos montes, intercalándose neste ascenso pequenos vales e cursos fluviais.

Outro sector morfolóxico disporíase pola parte media da ría e do val do Maceiras, terras baixas de depósito, por mor da depresión Meridiana a través da cal se encaixan os cursos finais dos ríos. Os vales do Alvedosa e do Maceiras producíronse pola erosión diferencial actuante encol dos xistos, responsábel asemade do ancheamento da ría de Redondela, resaltando os bordos montañosos de granito e gneis.

Ao norte o penedo granítico da Peneda aparece maxestuosamente coa súa peculiar fisionomía de cono que, terras abaixo cara ao sur, dá lugar ao val do Viso, en torno ao río Pexegueiro.

5.7. A XEOMORFOLOXÍA DO LITORAL

A costa resposta a típica morfloxía das Rías Baixas con algunha que outra particularidade fisionómica local, xa que abrangue a parte oriental da enseada de San Simón e a liña costeira de Chapela na parte media da ría de Vigo.

Dende Arealonga en Chapela até o cabo do Puntal no Viso sucédese unha liña costeira de 15 Km e pouco recortada, agás na vila de Redondela, onde penetra o mar en forma de pequena ría ou enseada.

En xeral, predomina a costa rochosa baixa, que incluso chega a presentar pendentes relativamente fortes nalgúns tramos, pero nunca formando grandes cantís verticais. O litoral de Rande é o mellor exemplo desta tipoloxía costeira abrupta. Nos entrantes e nas foces dos ríos desenvólíanse marismas que hoxe están case desaparecidas. A costa areosa aparece representada por varios areais de diferente magnitude, salientando catro praias, das que a de Cesantes é a mais importante cun extenso areal e unha frecha litoral.

No espazo costeiro pódense atopar diferentes exemplos de formacións litorais:

- **As chairas litorais**, formadas nas zonas de mínima pendente onde se depositan os materiais transportados polos ríos desde a terras circundantes e tamén traídos polas augas mariñas. No concello localízanse na foz do río Alvedosa, dende a Portela até as antigas marismas de Sta. Mariña. Neses lugares acumúlanse materiais areosos, limosos e arxilosos, onde se desenvolven importantes formacións vexetais e unha non menos importante comunidade animal, salientando as poboacións de aves mariñas migradoras. De menor entidade é a marisma de Punta Pesqueira, en Soutoxuste.
- **A costa areosa** está representada por cinco praias. Atopan a súa máxima lonxitude e amplitude nos areais de Cesantes que rematan na frecha litoral da Punta do Cabo froito da acción eólica e mariña, que no seu avance cara a illa de San Simón, separa a praia de Cesantes da praia do Cabo. En Chapela, por entre unha costa máis rochosa, localízase a praia de Arealonga e o pequeno areal da Meda. En Trasmañó existe un areal que forma a praia de Cabanas e outro máis pequeno ao norte do estreito de Rande. Na zona de Portocedeira, ao sur da Portela, existía tamén outro areal chamado do Soutelo que desapareceu converténdose nunha chaira lamacenta. En Soutoxuste existe un reducido areal de pouca lonxitude. En xeral, trátase de praias incompletas en toda ou parte da súa lonxitude.
- **A costa de cantís** esténdese discotinuuamente desde a Portela até Chapela, xa que o material orixinal son granitos, rochas máis resistentes á alteración e á erosión. Cara ao estreito de Rande o relevo vaise facendo máis abrupto, con cantís de escaso desenvolvemento vertical pero cunha clara morfloxía de costa rochosa baixa. Pola zona norte do concello, en Soutoxuste, tamén se atopan tramos de costa rochosa baixa, neste caso de material xistoso e en menor grao de pequenos sectores graníticos

A efectos xeográficos, as principais unidades morfolóxicas son:

Ecoplanin



- O sector occidental, en terras de Chapela, na parte media da ría, xa aberta e semiexposta á boca da mesma. O relevo ten pendentes acusadas e intercálanse nas zonas de depósito areaais.
- O estreito de Rande que comunica a enseada co resto da ría. Amosa un relevo abrupto e altas pendentes. Neste sector atópanse cantís baixos, praias e chairas lamacentas.
- A enseada de San Simón, que se estende polo estreito de Rande até o fondo da ría, nas marismas de Vilaboa. Nela existen fondos areosos e lamacentos e o pequeno arquipélago de San Simón formado por dúas illas e dous illotes rochosos.



5.8. HIDROLOXÍA

A rede hidrográfica esta formada por abondosos cursos de curto percorrido e pequeno caudal, todos eles desenvolvidos dentro do propio termo municipal, agás o Alvedosa e o Campelo - afluente do primeiro- que teñen as súas fontes nos concellos de Pazos de Borbén e Soutomaior, respectivamente. Pódese dicir que a escala local, Redondela posúe catro pequenas concas hidrográficas que configuran catro sistemas fluviais principais en torno aos ríos Alvedosa, Maceiras, Pexegueiro e Fondón.

Os cursos principais discorren encol de substratos brandos sobor de todo nos tramos medios e baixos. No entanto, tamén existen tramos encaixados alí onde os materiais son de maior dureza mineralóxica, máis resistentes aos fenómenos erosivos, evolucionando o leito de xeito vertical, como no caso do río Alvedosa no seu curso medio-alto, que se encaixa por entre canóns graníticos.

A maioría dos sistemas fluviais que se localizan na parte central (norte e leste) van desembocar na enseada de San Simón; os outros, aqueles que nacen na vertente oeste dos montes de Rande e Chapela fanno na parte media da ría. Na foz da Portela, en Redondela, conflúen as augas dos tres ríos principais que configuran cadansúa pequena cunca fluvial, e que forman unha extensa chaira intermareal onde se depositan grande cantidade de sedimentos, o que deu lugar á formación dun glacis ou cono de dexección.

O río Alvedosa nace a 400 m de altitude e flúe a través do lugar coñecido como Alvedosa, na parroquia de Amoedo, no veciño concello de Pazos de Borbén. Discorre por terras de Ventosela, Reboreda e Redondela, cunha lonxitude de 8 Km e unha dirección variábel segundo os tramos. Configura ao seu redor as terras centro-orientais de Reboreda, Ventosela e Quintela. A medida que se aproxima ao seu fin vai ancheando o leito até a confluencia co río Maceiras, na Xunqueira (Redondela), procedente do sur do concello.

O río Maceiras nace nas valgadas do lugar das Andarizas no límite entre as parroquias de Guizán (Mos) e Vilar de Infesta, a 250 m de altitude. Este río aproveita a fenda que supón a depresión Meridiana para se encaixar no seu percorrido de 7 Km en dirección norte a través das terras baixas de Negros, Cedeira, Saxamonde, Quintela e Redondela, estruturando un amplo e rico val que leva o seu nome.

O río Pexegueiro nace a 200 m de altitude na valgada que estrema o barrio de Sta. María do Viso co lugar da Nogueira e ten unha lonxitude de 4,8 Km. No seu fluír cara ao sur por pendentes suaves, drena as terras do Viso, Ventosela e Cesantes, desembocando finalmente na marisma de Santa Mariña onde forma un importante bosque de ribeira.

Estes tres ríos son quen de artellar unha rede máis estruturada que os de Chapela e Trasmañó, xa que a orografía permite a existencia dun percorrido máis longo e máis caudaloso. Pola contra, os pequenos cursos da vertente occidental están emprazados nun sistema de alta pendente e moi próximo ao mar, xa que dispoñen de pouca distancia dende que nacen até que desembocan.

O río Fondón é o máis destacado curso fluvial no sector occidental. Nace a 410 m de altitude, nas lagoas de Chan de Umberto, ao sur do monte Penide. Ten un percorrido de 4,5 Km até chegar ao

mar, no lugar de Angorén (Chapela). O seu perfil é suave nos dous primeiros quilómetros mais vóltase moi acusado deica a súa desembocadura.

Outros regos nomeábeis son o Pugariño -que fai de límite natural co concello de Vigo-, o Segade, o Meda e o rego das Cabras, os tres no oeste do concello. Tamén cómpre sinalar o Mouro na parroquia de Cedeira e o Verdellón na parroquia do Viso. Os afluentes máis destacados pertencen á conca do Alvedosa (o regueiro Vello e o rego do Barranco das Chans pola marxe esquerda e o rego de Campelo pola dereita) e do Maceiras (rego de Quintela pola dereita e de Cabeiro e Güelas pola esquerda). Estes regatos son de carácter permanente ou ben posúen un caudal mínimo durante o verán.

É tamén destacábel a presenza das “brañas de Chan de Umberto”, ao sur do monte Penide e atravesadas polo río Fondón. Configuran un área de permanente enchoupo e de grande importancia na regulación hídrica do chan, alén da súa condición de hábitat de interese como zona húmida.



Imaxe 11. O Viso e val do Pexegueiro



5.9. VEXETACIÓN

Dende o punto de vista bioxeográfico, o concello de Redondela atópase na rexión Eurosiberiana, provincia cantabroatlántica, subprovincia Astur-Galaica, sector galaico-portugués e subsector miñense. Os elementos florísticos dominantes son os do mundo atlántico e os do mundo mediterráneo-lusitano, sen esquecer os elementos alóctonos introducidos no últimos séculos polo home. Estes tres elementos determinan a vexetación do concello.

Mundo atlántico

O carballo (*Quercus robur*) é o representante arbóreo principal deste conxunto. O representante arbustivo por excelencia é o toxo (*Ulex europaeus*) e entre as herbáceas, por exemplo, *Daboecia cantabrica*.

Mundo mediterráneo lusitano

Dende o sur e pola vía costeira chega a flora mediterránea que penetra polos vales fluviais. A sobreira (*Quercus suber*) é a árbore máis senlleira. Outras árbores comúns son o érbedo (*Arbutus unedo*) e o loureiro (*Laurus nobilis*).

Elementos alóctonos

Trátase de vexetación introducida polo home. Piñeiros (*Pinus pinaster* e secundariamente *Pinus radiata*) e eucaliptos (principalmente *Eucalyptus globulus*) son as máis abundosas no concello por mor do seu uso forestal. Tamén están cada vez máis espalladas as mimosas (*Acacia dealbata*) e as falsas acacias (*Robinia pseudoacacia*).

VEXETACIÓN POTENCIAL

Vexetación zonal

As carballeiras da asociación *Rusco aculeati-Querceto roboris s.* constitúe a serie climatófila ou zonal propia do concello. Esta asociación caracterízase pola presenza no estrato arbustivo do acivro (*Ilex aquifolium*), o sanguíño (*Frangula alnus*), a pereira brava (*Pyrus communis*), o loureiro (*Laurus nobilis*), o estripeiro (*Crataegus monogyna*), o castiñeiro (*Castanea sativa*) e o bidueiro (*Betula pubescens subsp. celtiberica*). Tamén son características dúas matas: a xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*) e o saltasebes (*Tamus communis*). Nas zonas baixas (de termotipo termotemperán) áchase a subasociación *quercetosum suberis*, onde a sobreira, favorecida por certa aridez estival e temperaturas máis altas, acompaña ao carballo. Xunto a ela preséntase o érbedo (*Arbutus unedo*), *Rubia peregrina*, o trovisco (*Daphne gnidium*) e *Osyris alba*.

Polo que respecta á dinámica da serie, as etapas de substitución máis frecuentes son as xesteiras pertencentes á asociación *Ulici-europaei-Cytisetum striati*, con plantas como a xesta (*Cytisus striatus*), o toxo (*Ulex europaeus*), o érbedo (*Arbutus unedo*), a silveira (*Rubus lusitanicus*) e, nos ambientes máis cálidos, a xara (*Cistus psilosepalus*). Unha maior degradación do bosque favorece o desenvolvemento dos queirogais-toxais da asociación *Ulici europaei-Ericetum cinereae*,

Ecoplanin



dominando especies como *Daboecia cantabrica*, *Ulex minor*, *Erica cinerea* e *Halimium alyssoides*. A etapa de maior degradación son os prados anuais onde se atopan especies como *Agrostis capillaris*, *Anthoxanthum odoratum* e *Avenula sulcata*.

O clima suave que permite ciclos longos e bos aproveitamentos e a intensa actividade humana propiciou unha importante deforestación dos bosques autóctonos e unha transformación do solo para asentamentos humanos, cultivos e praderías que en maior medida afectou á masas boscosas correspondentes á subasociación *querceosum suberis*.

Na altura, as carballeiras atópanse moi reducidas e alteradas, ficando relegadas a terras marxinais e a terreos de pendente non aproveitábeis para os cultivos agrícolas e forestais, en propiedades particulares dentro do monte veciñal do concello e nas proximidades dos núcleos rurais e urbanos.

Vexetación azonal

A vexetación ribeirega dominante pertence á asociación *Senecio bayonensis-Alnu glutinosae s.*, co amieiro (*Alnus glutinosa*) como especie dominante. Acompañana no estrato arbóreo e arbustivo o sanguíño (*Frangula alnus*), o salgueiro (*Salix atrocinerea*), o sabugueiro (*Sambucus nigra*), o bidueiro (*Betula pubescens subsp. celtiberica*) e a abeleira (*Corylus avellana*). No estrato herbáceo atópase *Senecio nemorensis subsp. bayonensis*, o dentabré (*Osmunda regalis*) e o buño (*Carex broteriana*). A influencia mediterránea constátase coa presenza da freixa (*Fraxinus angustifolia*) e de *Galium broteranium*.

Porén, en xeral este tipo de formacións, coma as anteriores, están notabelmente modificadas pola acción humana, que atopou nestes territorios as mellores zonas de cultivo e pasto, relegando a súa posición a faixas lineares ao longo dos leitos.

VEXETACIÓN ACTUAL

As zonas altas do concello están cubertas por **masas forestais**. O piñeiro do país é a especie máis abundosa sobor de todo no monte Penide, no chan de Umberto e nas parroquias de Chapela e Trasmañó. Na aba norte do monte Penide e nas parroquias de Santo Estevo e Vilar de Infesta os piñeirais alternanse cos eucaliptais.

O mesmo acontece nos montes do leste do concello (parroquias de Saxamonde, Quintela, Reboreda, Ventosela e O Viso) onde se produce a citada alternancia. En xeral, a matogueira está máis evolucionada nas masas puras de piñeiro ca nas mixtas ou nos eucaliptais.

Como xa se comentou, as carballeiras teñen unha presenza secundaria a pesares de seren a vexetación potencial da meirande parte do concello. A facies da sobreira aparece moi alterada e espallada por todo o termo municipal, no entanto, os bosquiños máis extensos áchanse nas parroquias orientadas ao sur-sueste: O Viso, Trasmañó e Chapela.

Amais do eucalipto, no concello hai outras especies alóctonas de carácter invasor cuxa presenza está a aumentar nos últimos anos: a mimosa (*Acacia dealbata*), a robinia (*Robinia pseudoacacia*), o ailanto (*Ailanthus altissima*) e a mimosa moura (*Acacia melanoxylon*).



Hogano, os bosques de ribeira presentan un nivel de degradación considerábel xa que foron ecosistemas moi aproveitados. Aínda así, no concello constitúen a comunidade autóctona mellor representada. Os grupos máis sobranceiros localízanse nos vales e beiras dos principais cursos fluviais: o Maceiras, o Pexegueiro e o Alvedosa. No curso alto deste último existen masas nun bo estado de conservación.

Nos últimos anos véñense facendo pequenas repoboacións con especies forestais distintas do piñeiro e o eucalipto. Adóitanse realizar en áreas de lecer e parques forestais utilizando como especies principais o carballo americano (*Quercus rubra*), o castiñeiro (*Castanea sativa*) e a cerdeira (*Prunus avium*).

O resto da superficie non urbanizada do concello está cuberta por prados, cultivos e, en menor grao, matogueiras. Os **prados e cultivos** atópanse nas zonas baixas e de pouca pendente case sempre nos vales dos principais ríos do concello. Os cultivos principais son millo, pataca, vide, e maceira. As **matogueiras** atópanse nas áreas rochosas de Cedeira e Trasmañó, na Peneda e en pequenas superficies da parte alta do concello.

Amais das anteriores existen outros tipos de vexetación non climática vencellada a hábitat específicos como son a vexetación casmófita de rochedos e muros, a vexetación ruderal-arvense, a vexetación brañega, a vexetación de humidaís continentais, a vexetación de humidaís mariños e litorais. Agás a ruderal-arvense, todos estes tipos de vexetación posúen un grande valor por mor da súa fragilidade, rareza, beleza ou interese biolóxico polo que a maior parte deles atópanse en zonas incluídas no listado de espazos naturais do concello.



5.10. FAUNA

Mediante unha combinación de recompilación de datos bibliográficos e de observacións no campo do grao de conservación dos distintos hábitats, elaborouse un listado de vertebrados presentes ou de probábel presenza no concello de Redondela.

Entre as especies do inventario destacan as endémicas do occidente peninsular, as que presentan problemas de conservación (segundo o R.D. 439/1990 polo que se aproba Catálogo Nacional de Especies ameazadas) e aquelas que se recollen na lexislación europea (Directiva 79/409/CEE “Aves” e Directiva 92/43/CEE “Hábitats”) fixando unha medidas de protección especial.

Aínda que ningunha das especies recollidas no listado posúe un estatus de conservación que a sitúe en perigo de extinción, a nivel local a situación de moitas das especies é ou podería ser vulnerábel se non se toman as medidas precisas tanto para manter os hábitats que se atopan en bo estado, como para recuperar aqueloutros que están degradados como consecuencia das diferentes actividades humanas.

PEIXES

Nome científico	Nome común	Categorías do estado actual de conservación	
		R.D. 439/90	D. 92/43 CEE*
<i>Salmo trutta fario</i>	Troita		
<i>Anguilla anguilla</i>	Anguía		

Táboa 33. Peixes de río do concello de Redondela.

Fonte: Inventario e catálogo do patrimonio natural e cultural do concello de Redondela

ANFIBIOS

Nome científico	Nome común	Categorías do estado actual de conservación	
		R.D. 439/90	D. 92/43 CEE*
<i>Triturus boscai</i>	Limpafontes común	De Interese Especial	
<i>Triturus marmoratus</i>	Limpafontes verde	De Interese Especial	IV
<i>Triturus helveticus</i>	Limpafontes palmado	De Interese Especial	
<i>Salamandra salamandra</i>	Píntega		
<i>Chioglossa lusitanica</i>	Salamátiga galega	De Interese Especial	II, IV
<i>Alytes obstetricans</i>	Sapiño troiteiro	De Interese Especial	IV
<i>Discoglossus galganoi</i>	Sapo raxado	De Interese Especial	II, IV
<i>Bufo calamita</i>	Sapo corriqueiro	De Interese Especial	IV
<i>Bufo bufo</i>	Sapo cunqueiro		
<i>Hyla arborea</i>	Estroza	De Interese Especial	IV
<i>Rana iberica</i>	Ra patilonga	De Interese Especial	IV
<i>Rana perezi</i>	Ra verde		

Táboa 34. Anfibios do concello de Redondela.

Ecoplanin



Fonte: Inventario e catálogo do patrimonio natural e cultural do concello de Redondela

RÉPTILES

Nome científico	Nome común	Categorías do estado actual de conservación	
		R.D. 439/90	D. 92/43 CEE*
<i>Anguis fragilis</i>	Escáncer común	De Interese Especial	
<i>Lacerta lepida</i>	Lagarto arnal		
<i>Lacerta schreiberi</i>	Lagarto das silvas	De Interese Especial	II, IV
<i>Podarcis bocagei</i>	Lagartixa das silvas		
<i>Podarcis hispanica</i>	Lagartixa dos penedos	De Interese Especial	
<i>Chalcides chalcides</i>	Esgonzo común	De Interese Especial	
<i>Coronella girondica</i>	Cóbrega lagarteira meridional	De Interese Especial	
<i>Elaphe scalaris</i>	Serpe riscada	De Interese Especial	
<i>Malpolon monspessulanus</i>	Cobregón		
<i>Natrix natrix</i>	Cóbrega de collar	De Interese Especial	
<i>Natrix maura</i>	Cóbrega de auga	De Interese Especial	
<i>Vipera seoanei</i>	Víbora de Seoane		

Táboa 35. Réptiles do concello de Redondela.

Fonte: Inventario e catálogo do patrimonio natural e cultural do concello de Redondela

AVES

Nome científico	Nome común	Categorías do estado actual de conservación	
		R.D. 439/90	D. 79/409 CEE*
<i>Phalacrocorax carbo</i>	Corvo mariño real	De Interese Especial	
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	Corvo mariño cristado	De Interese Especial	
<i>Ardea cinerea</i>	Garza real	De Interese Especial	
<i>Egretta garzetta</i>	Garzota	De Interese Especial	I
<i>Anas platyrhynchos</i>	Alavanco real		
<i>Anas acuta</i>	Pato rabilongo		
<i>Anas crecca</i>	Charneco		
<i>Anas penelope</i>	Pato asubión		
<i>Anas strepera</i>	Pato cincento		
<i>Anas clypeata</i>	Pato cullerete		
<i>Aythya ferina</i>	Parrulo chupón		
<i>Aythya fuligula</i>	Parrulo cristado		
<i>Mergus serrator</i>	Mergo cristado		
<i>Buteo buteo</i>	Miñato	De Interese Especial	
<i>Accipiter nissus</i>	Gabián	De Interese Especial	
<i>Accipiter gentilis</i>	Azor	De Interese Especial	



<i>Falco peregrinus</i>	Falcón pelegrín	De Interese Especial	I
<i>Falco subbuteo</i>	Falón pequeno	De Interese Especial	
<i>Falco tinnunculus</i>	Lagarteiro	De Interese Especial	
<i>Alectoris rufa</i>	Perdiz rubia		
<i>Coturnix coturnix</i>	Paspallás		
<i>Gallinula chloropus</i>	Galiña de río		
<i>Fulica atra</i>	Galiñola negra		
<i>Haematopus ostralegus</i>	Gabita	De interese especial	
<i>Charadrius hiaticula</i>	Píllara real	De interese especial	
<i>Charadrius alexandrinus</i>	Píllara papuda	De interese especial	
<i>Pluvialis apricaria</i>	Píllara dourada grande	De Interese Especial	I
<i>Pluvialis squatarola</i>	Píllara cincenta	De Interese Especial	
<i>Vanellus vanellus</i>	Avefría	De Interese Especial	
<i>Numenius phaeopus</i>	Mazarico real ou galego	De Interese Especial	
<i>Numenius arquata</i>	Mazarico curli	De Interese Especial	
<i>Tringa totanus</i>	Bilurico común		
<i>Tringa nebularia</i>	Bilurico pativerde	De Interese Especial	
<i>Arenaria interpres</i>	Píllara riscada	De Interese Especial	
<i>Gallinago gallinago</i>	Becacina cabra		
<i>Limosa limosa</i>	Mazarico rabinegro	De interese especial	
<i>Limosa lapponica</i>	Mazarico rabipinto	De interese especial	
<i>Calidris alba</i>	Pirlo bulebul	De Interese Especial	
<i>Calidris alpina</i>	Pilro curlibico	De Interese Especial	
<i>Larus ridibundus</i>	Gaivota chorona		
<i>Larus fuscus</i>	Gaivota escura		
<i>Larus cachinnans</i>	Gaivota patiamarela		
<i>Larus marinus</i>	Gaivotón	De interese especial	
<i>Sterna sandvicensis</i>	Carrán cristado	De interese especial	I
<i>Alca torda</i>	Carolo ou arao romeiro	De interese especial	
<i>Columba palumbus</i>	Pombo torcaz		
<i>Streptotelia decaoto</i>	Rula turca		
<i>Streptotelia turtur</i>	Rula		
<i>Strix aluco</i>	Avelaiona	De interese especial	
<i>Otus scops</i>	Piouca ou moucho das orellas	De interese especial	
<i>Tyto alba</i>	Curuxa	De interese especial	
<i>Caprimulgus europaeus</i>	Avenoiteira cincenta	De interese especial	I
<i>Cuculus canorus</i>	Cuco	De interese especial	
<i>Dendrocopus major</i>	Peto real	De interese especial	
<i>Picus viridis</i>	Peto verederal	De interese especial	
<i>Aluda arvensis</i>	Laverca		
<i>Lullula arborea</i>	Cotovía pequena	De interese especial	I
<i>Hirundo rustica</i>	Anduriña	De interese especial	
<i>Apus apus</i>	Cirrio	De interese especial	
<i>Alcedo atthis</i>	Picapeixe	De interese especial	I
<i>Upupa epops</i>	Bubela	De interese especial	
<i>Ptyonoprogne rupestris</i>	Andoriña dos penedos	De interese especial	
<i>Delichon urbica</i>	Anduriña de cu branco	De interese especial	
<i>Anthus pratensis</i>	Pica dos prados	De interese especial	
<i>Motacilla alba</i>	Lavandeira branca	De interese especial	
<i>Motacilla flava</i>	Lavandeira verederal	De interese especial	
<i>Motacilla cinerea</i>	Lavandeira real	De interese especial	



<i>Cinclus cinclus</i>	Merlo rieiro	De interese especial	
<i>Erythacus rubecula</i>	Paporrubio	De interese especial	
<i>Saxicola torquata</i>	Chasco	De interese especial	
<i>Oenanthe oenanthe</i>	Pedreiro cincento	De interese especial	
<i>Phoenicuros ochruros</i>	Rabirrubio	De interese especial	
<i>Turdus merula</i>	Merlo		
<i>Turdus iliacus</i>	Tordo malvís		
<i>Turdus pilaris</i>	Tordo real		
<i>Turdus viscivorus</i>	Tordo charlo		
<i>Silvia atricapilla</i>	Papuxa das amoras	De interese especial	
<i>Silvia melanocephala</i>	Papuxa cabecinegra	De interese especial	
<i>Silvia communis</i>	Papuxa común	De interese especial	
<i>Silvia undata</i>	Papuxa do mato	De interese especial	I
<i>Phylloscopus collybita</i>	Picafollas europeo	De interese especial	
<i>Cisticola juncidis</i>	Picaxuncos	De interese especial	
<i>Hippolais polyglotta</i>	Folosa amarela	De interese especial	
<i>Regulus ignicapillus</i>	Estreliña riscada	De interese especial	
<i>Troglodytes troglodytes</i>	Carrizo	De interese especial	
<i>Prunella modularis</i>	Azulenta común	De interese especial	
<i>Ficedula hypoleuca</i>	Papamoscas negro	De interese especial	
<i>Certhia brachydactyla</i>	Rubideiro común	De interese especial	
<i>Parus caeruleus</i>	Ferreiriño azul	De interese especial	
<i>Parus major</i>	Ferreiriño real	De interese especial	
<i>Parus ater</i>	Ferreiriño negro	De interese especial	
<i>Aegithalos caudatus</i>	Ferreiriño rabilongo	De interese especial	
<i>Garrulus glandarius</i>	Pega marza		
<i>Pica pica</i>	Pega rabilonga		
<i>Corvus corone</i>	Corvo viaraz ou pequeno		
<i>Corvus corax</i>	Corvo carnazal		
<i>Fringilla coelebs</i>	Pimpín		
<i>Serinus serinus</i>	Xirín		
<i>Carduelis carduelis</i>	Xílgaro		
<i>Carduelis cannabina</i>	Liñaceiro		
<i>Carduelis spinus</i>	Lúgano		
<i>Carduelis chloris</i>	Verderolo		
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	Cardeal	De interese especial	
<i>Emberiza cia</i>	Escribenta riscada	De interese especial	
<i>Emberiza cirrus</i>	Escribenta común	De interese especial	
<i>Passer domesticus</i>	Pardal común		
<i>Passer montanus</i>	Pardal oreleiro		
<i>Sturnus vulgaris</i>	Estorniño pinto		
<i>Sturnus unicolor</i>	Estorniño negro		
<i>Oriolus oriolus</i>	Oureolo	De interese especial	

Táboa 36. Aves do concello de Redondela.

Fonte: Inventario e catálogo do patrimonio natural e cultural do concello de Redondela



MAMÍFEROS

Nome científico	Nome común	Categorías do estado actual de conservación	
		R.D. 439/90	D. 92/43 CEE*
<i>Erinaceus europaeus</i>	Ourizo cacheiro		
<i>Talpa caeca occidentalis</i>	Toupa cega		
<i>Crocidura russula</i>	Furaño común		
<i>Crocidura suaveolens</i>	Furaño xardineiro		
<i>Sorex granarius</i>	Furelo ibérico		
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Morcego pequeno de ferradura	De Interese Especial	II
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	Morcego grande de ferradura	De Interese Especial	II
<i>Myotis myotis</i>	Morcego rateiro grande	De Interese Especial	II
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	Morcego común	De Interese Especial	
<i>Plecotus auritus</i>	Morcego orrelludo	De Interese Especial	
<i>Oryctolagus cuniculus</i>	Coello	I	
<i>Sciurus vulgaris</i>	Esquíu		
<i>Eliomys quercinus</i>	Leirón careto		
<i>Microtus agrestis</i>	Trilladeira dos pastos		
<i>Pitymys lusitanicus</i>	Corta dos campos		
<i>Arvicola sapidus</i>	Rata augadeira		
<i>Rattus rattus</i>	Rata cincenta		
<i>Rattus norvegicus</i>	Rata parda		
<i>Mus musculus</i>	Ratiño da casa		
<i>Apodemus sylvaticus</i>	Rato de campo		
<i>Vulpes vulpes</i>	Raposo		
<i>Mustela erminea</i>	Armiño	De Interese Especial	
<i>Mustela nivalis</i>	Donicela		
<i>Mustela putorius</i>	Tourón		
<i>Mustela vison</i>	Visón americano		
<i>Lutra lutra</i>	Londra	De Interese Especial	II, IV
<i>Martes foina</i>	Furatoxos		
<i>Meles meles</i>	Porco teixo		
<i>Genetta genetta</i>	Algaria		
<i>Sus acrofa</i>	Xabaril		

Táboa 37. Mamíferos do concello de Redondela.

Fonte: Inventario e catálogo do patrimonio natural e cultural do concello de Redondela

*Directiva 92/43 CEE “Hábitats”

Anexo II: Sinala os taxons incluídos no anexo II, que deben ser obxecto de medidas especiais de conservación do hábitat.

Anexo IV: Sinala os taxons incluídos no anexo IV, estritamente protexidos.

***Directiva 79/409 CEE “Aves”**

Anexo I: Representa os taxons incluídos no anexo I, que deben ser obxecto de medidas de conservación do hábitat

Das especies anteriormente sinaladas cómpre resaltar como de Especial Interese as nove que aparecen recollidas no anexo IV da Directiva Hábitats, consideradas polo tanto especies de interese comunitario que requiren unha protección estrita. Son as seguintes:

Chioglosa lusitanica, *Triturus marmoratus*, *Alytes obstetricans*, *Discoglossus galcanoi*, *Bufo calamita*, *Hyla arborea*, *Rana iberica*, *Lacerta schereiberi*, e *Lutra lutra*. Tamén son de grande interese os tres endemismos noroccidentais da península ibérica: *Chioglosa lusitanica*, *Rana iberica* e *Podarcis bocagei*.

5.11. ESPAZOS NATURAIS

No concello de Redondela consideráronse dúas dúcias de lugares que presentan algunhas propiedades físicas ou ecolóxicas de certo valor e interese natural no ámbito local. Un deles, a enseada de San Simón, foi incluído para formar parte da Rede Natura 2000 da Unión Europea. Velaquí o listado dos mesmos:

ESPAZO NATURAL	SUPERFICIE (ha)	CARACTERÍSTICAS
Complexo ecolóxico da enseada de San Simón	2.218 (1.830 na enseada)	Espazo intermareal dominado por superficies lamacentos-areeiras cubertas por praderías de algas (seba). Poboación invernante de 3.500 anátidas e boa presenza de limícolas durante os pasos migratorios. Alta produtividade. Declarado como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e proposto para formar parte da Rede Natural 2000.
Baía e marisma de Pesqueira (O Viso)	2,45	Pequena enseada cunha zona intermareal lamacenta e unha zona interna na que se desenvolve unha pequena marisma. Incluído no C.E. da Enseada de San Simón.
Arquipélago de San Simón	4,37	Pequeno arquipélago con vexetación e fauna mariña de cantís. Nos fondos anexos hai praderías de seba. Incluído no C.E. da Enseada de San Simón.
Areal de Cesantes	11,79	Areal de 3 Km con vexetación e comunidades animais de areais.
Praderías de seba da enseada de San Simón	73,67 e 15,40	Comunidades vexetais que se estenden nas zonas intermareais de San Simón encol de fondos areoso-lamacentos. Son praderías de fanerógamas mariñas compostas principalmente pola especie <i>Zostera marina</i> e en menor grao <i>Zostera noltii</i> (na intermareal superior). Ecosistema onde viven unha morea de especies faunísticas mariñas (choco, anguía, robaliza...). Incluído no C.E. da Enseada de San Simón.
Foz da Portela	45,81	Grande chaira intermareal formada principalmente por lamas e areas, moi ricas en materia orgánica. Constitúe un grande lamazal no que se desenvolven multitude de especies mariñas, salientando as comunidades de invertebrados, moluscos e aves mariñas. Incluído no C.E. da Enseada de San Simón.
Bosque atlántico litoral da Formiga-A Recasenda (Cedeira)	2,12	Área costeira na que aínda se conservan restos do bosque autóctono (carballeira). Incluído no C.E. da Enseada de San Simón.
Complexo ambiental e cultural do monte Penide	Aprox. 650	Macizo montañoso de litoloxía variada que se ergue na parte occidental do concello. Constitúe un espazo de interese tanto natural (valores ecolóxicos e paisaxísticos) coma cultural (presenza de restos arqueolóxicos).
Brañas de Lagoa Grande (Chan de Umberto)	3,59 e 0,26	Superficie de aplanamento a modo de depresión asolagada con comunidades vexetais higrófilas, xunqueiras e bosques de ribeira.



Penedos da Fenteira (Rande-Cedeira)	8,82	Zona de acumulación de penedos desenvolvidos por procesos erosivos encol das rochas graníticas que se desprenderon das partes altas da aba do monte.
Valgada de Trasmañó	4,50	Valgada configurada entorno ao rego do Fondón con importantes masas autóctonas de carballo e bosquiños de ribeira de salgueiro e amieiro. Valor ecolóxico e paisaxístico.
Castro de Negros	6,21	Asentamento castrexo catalogado e gravados rupestres nas proximidades. Valor cultural e paisaxístico.
Poza Lagoa (Trasmañó-Cedeira)	26,87	Superficie achairada a modo de depresión asolagada con comunidades higrófilas. Tamén existe unha plantación de frondosas (castiñeiro e carballo americano) con bo desenvolvemento.
Curso medio-alto do Alvedosa	38,30	Comunidades vexetais de ribeira e masas boscosas autóctonas.
Río e val do Maceiras	25,51	Comunidades vexetais de ribeira e manchas de bosque autóctono, comunidades higrófilas, agras tradicionais, especies animais como a garza, alavanco, galiñola negra, miñado, troita, etc
Valgada de Fixón-Casal do Monte	9,81	Valgada configurada entre o macizo de Saxamonde en Casal e as abas descendentes das parroquias de Vilar e Cabeiro, por onde se encaixan os regos de Cabeiro e o Maceiras. Consérvanse boas formacións forestais de vexetación autóctona e bosques de ribeira. Tamén pomares e agras de cultivos tradicionais, terras en socalcos e veigas. Alto valor ecolóxico e paisaxístico.
Complexo ecolóxico da marisma de Santa Mariña e o curso baixo do Pexegueiro	1,37	Restos dunha antiga marisma litoral con comunidades vexetais higrófilas e bosque de ribeira no río Pexegueiro.
Valgada do rego do Barranco	4,72	Valgada configurada en torno ao rego de Chans-A Feixa con bosque de ribeira (amieiros e salgueiros) e manchas boscosas de vexetación autóctona (carballo). Agras de cultivos tradicionais en socalcos e veigas. Valor ecolóxico e paisaxístico.
Valgada do rego dos Chans-A Feixa	26,58	Valgada configurada en torno ao rego dos Chans con bosquiños de ribeira e manchas boscosas de vexetación autóctona. Agras de cultivos tradicionais en socalcos e veigas. Valor ecolóxico e paisaxístico.
Sobreiral costeiro en Soutoxuste	0,18	Localizado nas ladeiras da zona litoral de Soutoxuste, orientada ao suroeste. Constitúe un relicto ecolóxico de vexetación mediterránea.
A laxe das Abellas (Ventosela)	4,28	Formas pétreas desenvolvidas en rochas graníticas. Valor xeolóxico e paisaxístico.
Monte Espiño-Chan da Roda (O Viso)	12,79	Constitúe a vertente noroccidental do macizo montañoso de Espiñeiro, servindo de límite natural entre os concellos de Soutomaior e Redondela. Constitúe un espazo de interese tanto natural como paisaxístico.



Alto da Cabaleira-Outeiro Grande (O Viso-Cesantes)	33,06	Relevo montañoso que se levanta na parte noroccidental do concello. Constitúe un espazo de interese tanto xeolóxico como paisaxístico.
Costa granítica de Cabanas	0,62	Costa de cantís baixos preto da ponte de Rande.
O Prado (Reboreda)	37	-----

Táboa 38. Espazos naturais no concello de Redondela.

Fonte: Inventario e catálogo do patrimonio natural e cultural do concello de Redondela

HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO

Seguindo a Directiva Hábitats (92/43/CEE) relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, no concello de Redondela atópanse cando menos 17 hábitats de interese comunitario dous dos cales son hábitats prioritarios.

A proposta feita para declarar a enseada de San Simón coma Lugar de Interese Comunitario e incluíla na futura Rede Natura 2000, constitúe polo de agora o avance máis sobranceiro da aplicación desta directiva no concello. Abrangue case toda a banda costeira polo que incorpora a maioría dos hábitats correspondentes á vexetación costeira e halófitas.

TIPO E SUBTIPO DE HÁBITAT	CÓDIGO	CATEGORÍA
Hábitats costeiros e vexetación halofítica		
Chairas lamacentas ou areosas non cubertas pola auga na marea baixa (marismas)*	1140	Hábitat de interese comunitario
Vexetación anual sobre restos mariños acumulados	1210	Hábitat de interese comunitario
Zonas lamacentas-areosas que non afloran na marea baixa	1110	Hábitat de interese comunitario
Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas	1230	Hábitat de interese comunitario
Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou areosas*	1310	Hábitat de interese comunitario
Pastizais de <i>Spartiniom maritimi</i> *	1320	Hábitat de interese comunitario
Pastizais salinos atlánticos (<i>Glaucopuccinellietalia maritimae</i>)*	1330	Hábitat de interese comunitario
Hábitats de auga doce		
Lagos e estanques distróficos naturais (charcas)	3160	Hábitat de interese comunitario
Ríos de pisos de chaira a montano con vexetación de <i>Ranunculus fluitantis</i> e de <i>Callitriche-Batrachion</i> (vexetación flotante de <i>Ranunculus</i>)	3260	Hábitat de interese comunitario
Uceiras e matogueiras de zona temperá		
Uceiras húmidas atlánticas de zonas temperás de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>	4020	Hábitat prioritario
Uceiras secas europeas	4030	Hábitat de interese comunitario
Turbeiras altas, baixas e áreas pantanosas		
Turbeiras baixas alcalinas	7230	Hábitat de interese comunitario
Hábitat rochoso e covas		
Pendientes rochosas silíceas con vexetación casmófita	8220	Hábitat de interese comunitario
Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dellini</i>	8230	Hábitat de interese comunitario

Ecoplanin

Bosques		
Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i>	91E0	Hábitat prioritario
Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>	9230	Hábitat de interese comunitario
Sobrais de <i>Quercus suber</i>	9330	Hábitat de interese comunitario

* Hábitat catalogado no L.I.C. da enseada de San Simón

Táboa 39. Relación de hábitats de interese no concello de Redondela.

Fonte: Inventario e catálogo do patrimonio natural e cultural do concello de Redondela

No que respecta á vexetación do resto do concello destaca a catalogación dos bosques aluviais e as uceiras húmidas atlánticas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* coma **hábitats de interese prioritario**.

Non catalogados pola directiva hábitats pero incluídos na Estratexia galega para a Conservación e o Uso Sostíbel da Diversidade atópanse moitos hábitats acuáticos (praderías de sebas), os ríos, os esteiros e as rías tanto como áreas de alta produtividade biolóxica como refuxio de especies.



Imaxe 12. Panel informativo sobre a recuperación parcial das marismas do río Pexegueiro

5.12. PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL

O concello de Redondela posúe un importante patrimonio arquitectónico e etnográfico. Existen numerosos vestixios prehistóricos que fan pensar nunha intensa ocupación humana dende tempos afastados. Nas chairas do monte Penide (Chan das Formigas) áchase unha necrópole megalítica composta por unhas cincuenta mámoas –entre elas a famosa Mámoa do Rei –que constitúen, xunto cos xacigos da zona da Madroa (Vigo), un dos principais complexos do Neolítico galego. A parroquia de Vilar de Infesta conta con dúas mámoas: a do Coturro e a dos Lagos. Na área do monte Penide tamén se conservan estacións de gravados rupestres representativos da Idade do Bronce. Como mostra da Idade do Ferro atópanse os castros de Negros e da Peneda.

Perduran lendas que fan referencia a unha posíbel fundación grega aínda que o que está documentado é a súa intensa romanización que deixou distintas pegadas como a formación de “vilas” e miliarios, un deles chamado o Marco de Vilar de Infesta. As condicións naturais de abrigo dos ventos dominantes e o seu poboamento antigo favoreceron o crecemento da vila, que chegou a ser a máis importante da ría até o desenvolvemento da cidade de Vigo, que nestas datas se denominaba Vigo de Redondela.

Na época Medieval, a meirande parte do territorio pertenceu ao señorío da Mitra Compostelá e foi residencia temporal de Xelmírez durante o seu desterro en 1466. Exemplo da importancia da Igrexa naquela época é o convento de Vilavella (1501), con igrexa dunha soa nave. Outras construcións relixiosas son a igrexa de Santiago de Vilavella (do século XV pero que co paso do tempo foi sufrindo numerosas reformas), a capela de Santa Mariña ou das Angustias (século XVIII), a ermida da Nosa Señora do Viso, a igrexa parroquial de Santo André de Cedeira (século XVIII) e a de San Fausto de Chapela, de orixe románica, con planta de cruz latina. Da importancia de Redondela ao longo do século XVIII falan os numerosos pazos que se achan no concello. Entre eles cómpre destacar a Casa-Torre de Prego, a Casa do Petán, o Pazo de Pousadouro, a Casa Grande de Reboreda e o Pazo-Torre de Cedeira.

Por mor da súa situación costeira sufriu acotío incursións de pobos e escuadras de guerra que o someteron a actos continuos de pillaxe. Destacaron as que levaron a cabo a flota anglo-holandesa, triunfante da batalla de Rande (1702), e os franceses, que o 12 de abril de 1809 invadiron a vila de Redondela e castigárona duramente pola súa axuda ao cerco de Tui. No entanto, en xuño dese mesmo ano, os redondeláns contribuíron a derrotar as forzas de Ney en Pontesampaio.

A illa de San Simón foi residencia de templarios, franciscanos e bieitos até que, en 1830, se estableceu un lazareto que favoreceu o desenvolvemento portuario de Vigo.

Dos últimos tempos cómpre resaltar os viadutos que sobrevoan a vila de Redondela, O primeiro coñécese como o de Madrid. Foi construído en 1870 e a súa arquitectura combina elementos da vangarda cos signos máis tradicionais. Seguindo os modelos popularizados por Eiffel, en 1881 construíuse o outro viaduto. É o de Pontevedra que hoxe continúa en activo.

Alén de grandes obras arquitectónicas, no concello espállanse unha morea de pequenos elementos de carácter etnográfico: cruceiros –entre os que destacan os de Vilavella e o de Santo Paio de



Arriba-, petos de ánimas como o do Santo Cristo, muíños hidráulicos como os do río Alvedosa, canastros, camiños históricos, vivendas tradicionais vilegas e rurais, lavadoiros, fontes, pontes, canles de auga, etc.

Tamén son destacábeis os roteiros que percorren o concello e que, amais do seu valor ambiental, posúen unha grande riqueza cultural. Os máis importantes son:

- O Camiño Portugués a Santiago
- O Sendeiro das Greas (GR-58)
- O Camiño da Franqueira (52 Km dende a igrexa parroquial de Redondela) que conta cun proxecto de recuperación.
- O Sendeiro da Maceiriña (19 Km entre Chapela e O Viso)
- A rota das Pedras (8 Km en Ventosela)

Mais consonte á Lei do Patrimonio Cultural de Galicia (Lei 8/1995) "o patrimonio cultural de Galicia está constituído por todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. (...) Integran o patrimonio cultural de Galicia os bens móbeis, inmóbeis e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico. Tamén forman parte deste, o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropológico". Xa que logo, cómpre preservar, estudar e conservar todos aqueles bens culturais que constitúan unha expresión da cultura dun pobo, xa fosen de carácter material (como os anteriores) ou inmaterial.

En canto os elementos inmateriais Redondela tamén conta cun grande patrimonio entre o que se inclúen as festas (como a do Corpus Christi -na que conviven a tradición relixiosa con a devanceira pagá-, a dos maios, a do choco ou calquera das parroquiais), as feiras (como a de Reis), as lendas, a toponimia, o idioma, as cantigas, os bailes, os traxes típicos, os ritos, etc.

Segundo os datos facilitados pola Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia e ao fío das disposicións da Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia; as Illas de San Simón e Santo Antón son o único **Ben de Interese Cultural** do Concello (Decreto 237/1999, do 29 de xullo, polo que se declara ben de interese cultural, con categoría de sitio histórico, a favor das illas de San Simón e Santo Antón, sitas no concello de Redondela).

No tocante aos elementos rexistrados no **Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia**, "precisa da elaboración dun regulamento para a súa tramitación, non habéndose iniciado até o momento dito labor, polo que non existe elemento algún do patrimonio cultural de Galicia coa categoría de catalogado."

Os elementos incluídos no **Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia** pertencentes ao concello de Redondela "son aqueles recollidos no Catálogo de Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial (publicadas en xullo de 1991), así como polos contidos dos catálogos dos planeamentos municipais". Namentres non se publique o Inventario Xeral cómpre recorrer a estes catálogos. Respecto ao inventario das Normas Complementarias e Subsidiarias axúntase o listado do mesmo:

Ecoplanin



- Igrexa parroquial de San Xoán. Cabeiro.
- Igrexa parroquial de Santo André. Cruceiro. Cedeira.
- Pazo de Torre-Cedeira. Cruceiro. Cedeira.
- Panteón da Familia Pena, xunto á igrexa parroquial. Cedeira.
- Igrexa parroquial de San Pedro. Cesantes.
- Ponte das Illas de San Simón. Cesantes.
- Igrexa parroquial de San Fausto. Chapela.
- Igrexa parroquial de Santo Estevo. Negros.
- Igrexa parroquial de San Mamede. Quintela.
- Igrexa parroquial de Santa María. Reboreda.
- Pazo de Reboreda. Reboreda.
- Pazo Torre-Agrelo. Reboreda.
- Pazo de Pousadoiro. Reboreda.
- Igrexa parroquial de Santiago. Redondela.
- Igrexa do Convento Vello Xustiniano. Praza de Ponteareas. Redondela.
- Capela de Santa Mariña ou das Angustias. Redondela.
- Pazo de Petán ou de Santa Tareixa. Rúa Pai Crespo. Redondela.
- Casa de Carballo. Rúa Picota. Redondela.
- Casa de Alfóndiga. Rúa Isidoro Queimaliños. Redondela.
- Casa-Torre. Rúa Isidoro Queimaliños. Redondela.
- Viaduto metálico a Madrid. Redondela.
- Viaduto metálico a Pontevedra. Redondela.
- Igrexa parroquial de San Román. Saxamonde.
- Igrexa parroquial de San Vicente. Trasmañó.
- Igrexa parroquial de San Martiño. Ventosela.
- Igrexa parroquial de San Martiño. Vilar de Infesta.
- Igrexa parroquial de Santa María. O Viso.
- Capela de San Vicente de Soutoxuste. O Viso.

OUTROS BENS A PROTEXER:

Cabeiro

- Cruceiro do Campo Santo.

Cedeira

- Casa Reitoral. Cruceiro.
- Casa de Monterraso.
- Casa “La Chicharra”. Rande.
- Casa en Rande.
- Cruceiro da Igrexa. Cruceiro.
- Cruceiro de Abaixo. Cruceiro.
- Peto de ánimas de Santo André.
- Peto de ánimas da Portela.
- Cargadoiro de Canguelos. Rande.
- Cargadoiro do Coto Wagner S.A. Rande.



- Fábrica de xofre EIMA S.L. Punta do Socorro.
- Fábrica de Salgado. Punta Portela.
- Fábrica de Salgado José y Bao. Soutelo.

Cesantes

- Fábrica de Conservas Manuel Pascual S.L. Porto.
- Cruceiro do Cobreiro.
- Cruceiro do Torreiro. San Pedro.
- Illas de San Simón e Santo Antón.
- Camiño Portugués.

Chapela

- Casa Reitoral.
- Fábrica de Conservas “El Alemán”.
- Cruceiro da Encarnación.
- Lavadoiro e Fonte de Angorén.

Negros

- Cruceiro de Santo Estevo. Fixón.

Quintela

- Casa de Mañó.
- Cruceiro da Igrexa.
- Camiño Portugués.

Reboreda

- Capela de San Paio.
- Cruceiro da Igrexa.
- Cruceiro e Peto de Quintana.
- Cruceiro da Carballeira.
- Cruceiro da Carreira dos Bolos.
- Cruceiro das Mercedes. Pousadoiro.

Redondela

- Concello Vello (actual Conservatorio de Música). Rúa Reveriano Soutullo.
- Ex-convento de Vilavella.
- Cárcere Vello (actual Casa da Cultura). Praza de Figueroa.
- Casa Masiell. Estación.
- Casa Alfaya. Avenida Ernestina Otero.
- Casa nº 33 da Avenida Ernestina Otero.
- Cemiterio dos Eidos.



- Cruceiro de Santa Mariña.
- Cruceiro da Praza da Alfóndiga.
- Cruceiro da Rúa do Adro.
- Cruceiro e Peto da Praza de Ponteareas.
- Cruceiro-Peto das tres luces.
- Fonte de Santiago.
- Camiño Portugués.

Saxamonde

- Casa Reitoral. Os Valos.
- Cruceiro de Saxamonde.
- Peto de ánimas dos Valos.
- Camiño Portugués.

Trasmañó

- Cruceiro do Convento.
- Cruceiro do Río.

Ventosela

- Casa Reitoral. Vilar do Mato.
- Cruceiro da Igrexa.
- Cruceiro das Aldeas Infantís S.O.S.

Vilar de Infesta

- Cruceiro de Vilar.
- Camiño Portugués.

O Viso

- Casa Reitoral.
- Ermida da Virxe das Neves. Monte da Peneda.
- Casa de Soutoxuste.
- Cruceiro da Peneda.
- Cruceiro do Palco de Música.
- Cruceiro do Alto da Lomba.
- Cruceiro do Viso.
- Peto de ánimas de Santo Antón. Tuimil.
- Palco da Música.
- Camiño Portugués.

*Táboa 40. Inventario das Normas Complementarias e Subsidiarias. 2004.
Fonte: Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo*